Sobre a posible autorización pola Xunta de Galicia da construción dunha represa no río Umia, na parroquia de Cabanelas, no concello de Ribadumia, a existencia de estudo de impacto ambiental e as razóns da demora, así como as súas previsións respecto do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicesidente 1º

3.2. Recursos humanos

3. Administración do Parlamento de Galicia

Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019, polo que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019,

RESOLVO:

Nomear membros do Tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso na devandita praza as persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

Presidente: Xosé Antón Sarmiento Méndez

Secretario: Ignacio Cid Gómez

Vogal 1: María del Carmen Moreiras Plaza

Vogal 2: María del Carmen Pardal Pazos

Vogal 3: María Begoña Ramos Suárez

Tribunal suplente:

Presidente: Juan Carlos Caride Puente

Secretario: José Ramón de la Fuente Rodríguez

Vogal 1: Xermán García Cancela

Vogal 2: María del Pilar Marzoa Vázquez

Vogal 3: Rita María Blanco Vázquez

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019, polo que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019,

RESOLVO:

Nomear membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso nas devanditas prazas as persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

Presidente: Xosé Antón Sarmiento Méndez

Secretario: Pedro Vila López

Vogal 1: María Vicenta Aneiros González

Vogal 2: Javier Páez González

Vogal 3: María José Cabanas Rodríguez

Tribunal suplente:

Presidente: Raquel Rodríguez Carro

Secretario: Ignacio Cid Gómez

Vogal 1: Carolina Costoya Pardo

Vogal 2: Diego Mosquera Mato

Vogal 3: Carlos Díaz Abraira

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019, polo que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019,

RESOLVO:

Nomear membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso na antedita praza as persoas que figuran a continuación:



Tribunal titular:

Presidente: Carolina Costoya Pardo
Secretario: Francisco Javier Freire González
Vogal 1: Purificación López Gómez
Vogal 2: Ana María Gude Fernández
Vogal 3: Fernando Negueruela Sánchez
Tribunal suplente:

Presidente: María Vicenta Aneiros González
Secretario: Martín Nercellas Méndez
Vogal 1: Raquel Rodríguez Carro
Vogal 2: Teresa Carballeira Rivera
Vogal 3: María del Carmen Moreiras Plaza

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO
MIXTO AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO
LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000018).**

Emenda nº1, ao apartado e), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) Como ben público que son as augas termais, garantir o acceso aos usos e beneficios das mesmas a toda a poboación independentemente da súa situación económica."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 6

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

"No caso de terreos públicos ou naqueles onde non exista constancia de titularidade, os Concellos poderán solicitar o título habilitante para desenvolver espazos públicos de xestión directa polo propio Concello."

Emenda nº3, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

Débese engadir no apartado 3 o seguinte texto:

"Quedarán exentas desta prohibición as actuacións de carácter público desenvoltas polos Concellos."

Emenda nº4, ao apartado 4.e), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo apartado 4.e) co seguinte texto:

"e) Informe municipal onde se cualifique o informe de impacto socio-laboral presentado que indicará se é axeitado para unha verdadeira vertebración socio-económica do Concello."



Emenda nº5, de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 15. bis)

Promoción da economía local e das PEMES e cooperativas.

Dada a grande importancia socioeconómica e potencialidade vertebradora das instalacións lúdico-termais para os Concellos, a Xunta de Galicia incluírá nos seus orzamentos anuais incentivos e axudas para facilitar o acceso aos títulos habilitantes destas instalacións a iniciativas locais de PEMES ou cooperativas."

Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

Débese substituír no apartado 2. a seguinte expresión:

Onde di: "ata un máximo de setenta e cinco anos."

Debe dicir: "ata un máximo de cincuenta anos."

Emenda nº7, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 27

Débese suprimir o apartado b) do punto 1.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 04/10/2019 16:18:58

Luis Villares Naveira na data 04/10/2019 16:19:12



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO
APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000018).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substitución do texto do Artigo 1 polo seguinte:

"Artigo 1. Obxecto

A presente lei ten por obxecto a regulación do aproveitamento lúdico das augas termais en harmonía co seu aproveitamento terapéutico e coa valorización patrimonial e cultural. Afecta a aquelas augas termais cuxo lugar de nacemento ou alumeamento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza."

Emenda nº2, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Engadir no apartado c) do Artigo 2 o seguinte:

Despois de cultural e antes de turístico: "industrial".

Emenda nº3, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Engadir no apartado c) do Artigo 2 o seguinte:

Despois de industrial e antes de turístico: "terapéutico".

Emenda nº4, ao apartado d), de Adición. Artigo 2

Engadir no apartado d) do Artigo 2 o seguinte:



"establecendo un sistema de monitorización e avaliación anual dos seus resultados nestas localizacións."

Emenda nº5, ao apartado e), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado e) no Artigo 2 co seguinte texto:

"e) recoñecer as augas termais como ben público e, polo tanto, promover a participación pública nos aproveitamentos termais e garantir o dereito da veciñanza ao acceso dos recursos termais."

Emenda nº6, ao apartado a), de Substitución. Artigo 3

Substituír o apartado a) do Artigo 3 polo seguinte texto:

"Augas termais: aquelas nas que a temperatura de xurdimento sexa superior, cando menos, en catro graos centígrados á media anual do lugar no que nazan, conforme dispón a lei 5/1995."

Emenda nº7, ao apartado b), de Modificación. Artigo 3

Substituír no apartado b) do Artigo o seguinte:

"piscinas termais de uso lúdico", por: "piscinas de uso lúdico-termal".

Emenda nº8, ao apartado c), de Adición. Artigo 3

Adición no apartado c) do Artigo 3 o seguinte texto:

"sen prexuízo da súa convivencia e harmonía cos usos complementarios das súas propiedades minero-medicinais."



Emenda nº9, ao apartado d), de Modificación. Artigo 3

Substituír no apartado d) do Artigo 3 o seguinte:

"piscina termal de uso lúdico", por: "piscina de uso lúdico-termal".

Emenda nº10, ao apartado d), de Modificación. Artigo 3

Substituír no apartado d) do Artigo 3 o seguinte:

Substitución de: "espazo termal", por: "aproveitamento de auga termal".

Emenda nº11, ao apartado e), de Adición. Artigo 3

Adición un novo apartado e) no Artigo 3 co seguinte texto:

"e) Emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación, condución ou bombeo; e para ser empregada in situ no lugar no que xurde."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 4

Engadir no apartado 1 do Artigo 4 ao final da liña, o seguinte:

"conforme dispón a lei 5/1995."

Emenda nº13, de Adición. Artigo 6

Engadir no Artigo 6 o seguinte:





“A explotación lúdica das augas termais sen a obtención da previa e necesaria autorización ou, no seu caso, concesión para o aproveitamento lúdico, queda prohibida e o órgano competente ordenará a inmediata paralización da mesma, que se manterá en tanto non se legalice a súa situación, e sen prexuízo das sancións que correspondan.”

Emenda nº14, de Adición. Artigo 6.Bis

Engadir un novo Artigo 6 Bis co seguinte texto:

“6 Bis. Posibilidade de explotación pública.
As administracións públicas, de forma especial as locais, poderán exercer competencia respecto das augas termais localizadas en terreos de titularidade municipal ou susceptíbeis de retornar a titularidade pública mediante correspondente acreditación e xustificación.”

Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición. Artigo 7

Engadir no apartado 2 do Artigo 7 despois de “manifeste”, o seguinte: “e acredite documental e tecnicamente”.

Emenda nº16, ao apartado c), de Substitución. Artigo 8

Substitución do apartado c) do Artigo 8 polo seguinte:

“c) Un estudo para a determinación dun perímetro de protección tendente á conservación do acuífero xustificando a necesidade del e a delimitación proposta conforme determina o Artigo 13 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galiza e que deberá conter, como mínimo, as especificacións previstas no anexo.”



Emenda nº17, ao apartado f), de Substitución. Artigo 8

Substitución do apartado f) do Artigo 8 polo seguinte texto:

“f) informe ambiental para remisión ao órgano ou órganos competentes en materia ambiental.”

Emenda nº18, ao apartado h), de Adición. Artigo 8

Engadir no apartado h) do Artigo 8 “restauración”, despois de: “peche”.

Emenda nº19, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

Substituír no apartado 1 do artigo 9 "prazo de vinte días", por: "prazo de trinta días hábiles".

Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Supresión. Artigo 9

Suprimir no subapartado d) do apartado 4 do Artigo 9, todo o texto a partir de "competencia municipal".

Emenda nº21, ao apartado 4.e), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo punto e) no apartado 4 do Artigo 9 co seguinte texto:

"e) Informe da consellaría competente en materia de patrimonio."

Emenda nº22, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 10

Substitución do subapartado a) do apartado 2 do Artigo 10 polo seguinte:



“a) A denominación da instalación como “Aproveitamento lúdico das augas termais de / piscina de uso lúdico-termal de.”
”.

Emenda nº23, ao apartado 2.g), de Adición. Artigo 10

Engadir no subapartado g) do apartado 2 do Artigo 10 o seguinte:

“e, de ser o caso, aquelas necesarias para protexer outros aproveitamentos próximos”.

Emenda nº24, ao apartado 2.h), de Adición. Artigo 10

Engadir no subapartado h) do apartado 2 do Artigo 10 o seguinte:

engadir: “restauración”, despois de: “peche definitivo”

Emenda nº25, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

Engadir ao final do apartado 2 do Artigo 13:

“Dita información será de carácter público e accesible.”

Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 20

Modificar a redacción do final do apartado 2 do Artigo 20 a partir de “en materia de minas.”, que quedaría como segue:

“Con esta solicitude achegará a documentación requerida no Artigo 9.”

Emenda nº27, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 20



Suprimir o apartado 3 do Artigo 20.

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 21

Engadir no Artigo 21 o seguinte texto:

“Estas cuestións será publicadas, para o seu coñecemento público, no Diario Oficial de Galiza.”

Emenda nº29, ao apartado a), de Substitución. Artigo 22

Substituír o apartado a) do Artigo 22:

“a) Dereito á utilización das augas na forma, condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa, sen prexuízo da posibilidade de compatibilidade, se fose o casos, coa existencia de usos públicos das mesmas, mediante xestión directa ou concesión, por parte da administración pública nos termos en que se determine.”

Emenda nº30, ao apartado b), de Substitución. Artigo 22

Substituír o apartado b) do Artigo 22 polo seguinte texto:

“b) dereito á protección do acuífero nos termos en que se concedera respecto da cantidade e calidade precisas para o seu normal aproveitamento.”

Emenda nº31, ao apartado c), de Substitución. Artigo 22

Substituír o apartado c) do Artigo 22 polo seguinte:

“c) Dereito a empregar os recursos administrativos e legais oportunos para impedir a realización, no perímetro de protección fixado, de traballos ou actividades que puidesen





prexudicar o acuífero ou o seu normal aproveitamento. A tal fin, o desenvolvemento de traballos ou actividades dentro do perímetro de protección estará sometido a autorización administrativa do órgano competente en materia de minas, debendo darse audiencia no correspondente procedemento á persoa titular da autorización ou da concesión.

Emenda nº32, ao apartado d), de Substitución. Artigo 22

Engadir un novo apartado d) no Artigo 22 co seguinte texto:

“d) Dereito a solicitar dos organismos oportunos a observancia ou actuación cando teñan lugar no perímetro de protección ou nas súas inmediacións traballos ou actividades que, non prexudicando o acuífero, poidan ser lesivos respecto das condicións sanitarias, patrimoniais, medioambientais ou culturais do desenvolvemento do uso lúdico das instalacións.”

Emenda nº33, de Substitución. Artigo 23

Substitución do título do Artigo 23 por: “Obrigas e prohibicións dos aproveitamentos exclusivamente lúdicos”.

Emenda nº34, de Adición. Artigo 23

Engadir no Artigo 23 na primeira liña entre "aproveitamento" e "lúdico", o seguinte: "exclusivamente".

Emenda nº35, de Adición. 23 Bis

Engadir un novo Artigo 23 Bis co seguinte texto:

“Artigo 23 Bis – Obrigas e prohibicións para aqueles aproveitamentos que combinan o seu uso lúdico co seu uso terapéutico ou minero-medicinal.





a) Aqueles aproveitamentos que combinan o seu uso lúdico co seu uso terapéutico ou minero-medicinal han de fornecer ás persoas usuarias información clara e suficiente sobre os itinerarios lúdicos e terapéuticos que ofrecen, a súa compatibilidade e as posíbeis restricións e contraindicacións que puideran existir para a saúde das persoas e de determinadas afeccións.

b) Informar de forma visible dos datos máis significativos respecto das súas augas termais, particularmente o referido á temperatura e á declaración de augas mineromedicinais.”

Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 24

Substituír no apartado 1 do Artigo 24 “espazos termais”, por: “aproveitamentos lúdicos de augas termais”.

Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 24

Substituír no apartado 1 do Artigo 24 “piscinas termais de uso lúdico”, por: “piscina de uso lúdico-termal”.

Emenda nº38, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 24

Substituír no apartado 2 do Artigo 24 “espazos termais”, por: “aproveitamentos lúdicos de augas termais”.

Emenda nº39, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 24

Substituír no apartado 2 do Artigo 24 “piscinas termais de uso lúdico”, por: “piscina de uso lúdico-termal”.

Emenda nº40, de Adición. Artigo 25

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 25 co seguinte texto:





“3. A persoa titular garantirá a formación específica en materia de seguridade e prevención necesaria para o correcto funcionamento dos puntos 1 e 2 así como para previr situacións de risco para a saúde das persoas traballadoras da instalación.”

Emenda nº41, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 26

Engadir un novo apartado 2 Bis no artigo 26 co seguinte texto:
“2 Bis.- No procedemento de outorgamento do título habilitante para o aproveitamento lúdico de augas susceptíbeis de aproveitamentos terapéuticos terase en conta a oferta preexistente na comarca de nacemento das augas, de forma que se dará prelación ao terapéutico pola súa utilidade pública no caso de que este non estea desenvolvido.”

Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición. Artigo 27

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 27 co seguinte texto:

“3. A compatibilidade entre ambos aproveitamentos deberá estar debidamente detallada no proxecto de aproveitamento e deberá figurar de forma clara e visíbel para as persoas usuarias.”

Emenda nº43, ao apartado b), de Adición. Artigo 30

Engadir no apartado b) do Artigo 30 o seguinte texto:

“Particularmente, a incorrecta información ás persoas usuarias respecto do uso terapéutico das augas no caso de este non estar debidamente recoñecido e acreditado, sen prexuízo de que se indiquen os beneficios e propiedades de ditas augas.”

Emenda nº44, ao apartado h), de Adición. Artigo 30





Engadir un novo punto h) no Artigo 30 co seguinte texto:

“h) O incumprimento da obriga de dispor da necesaria garantía financeira e/ou do preceptivo seguro de responsabilidade civil.”

Emenda nº45, ao apartado i), de Adición. Artigo 30

Engadir un novo apartado i) no Artigo 30 co seguinte texto:

“i) a reiteración de infraccións consideradas como graves (Artigo 31 da presente lei).”

Emenda nº46, ao apartado b), de Adición. Artigo 31

Engadir no apartado b) do Artigo 31 despois de “paralización”, o seguinte: “ampliación”.

Emenda nº47, ao apartado c), de Supresión. Artigo 31

Suprimir o apartado c) do Artigo 31.

Emenda nº48, ao apartado g), de Adición. Artigo 31

Engadir un novo apartado g) no Artigo 31 co seguinte texto:

“g) o incumprimento do previsto no plan cuadrienal de aproveitamento.”

Emenda nº49, ao apartado h), de Adición. Artigo 31





Engadir un novo apartado h) no Artigo 31 co seguinte texto:

“h) a reiteración de infraccións consideradas como leves (Artigo 32 da presente lei).”

Emenda nº50, de Substitución. Artigo 33

Substituír o texto do Artigo 33 polo seguinte:

“Artigo 33. Prescrición e reiteración das infraccións:

1. As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos prazos recollidos pola lei Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galiza:

- a) Dous anos, no caso de infraccións moi graves.
- b) Un ano, no caso de infraccións graves.
- c) Seis meses, no caso de infraccións leves.

2. Considérase que existe reiteración cando se cometan dúas ou máis infraccións do mesmo grado que foron obxecto de sanción antes de finalizar a súa prescrición, conforme a citada lei.

Emenda nº51, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 34

Substituír o apartado 1 do Artigo 34 polo seguinte:

“1. As infraccións tipificadas nesta lei serán sancionadas da seguinte forma:

a) as infraccións leves, con multa de ata 1.800 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata os 600 euros; o grao medio, de 601 a 1.200 euros; e o grao máximo, de 1.201 a 1.800 euros.

b) as infraccións graves, con multa desde 1.801 euros ata 18.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 1.801 euros a 7.200 euros; o grao medio, de 7.201 a 12.600 euros; e o grao máximo, de 12.601 a 18.000 euros.

c) as infraccións graves, con multa de 18.001 euros ata 180.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 18.001 euros a 72.000 euros; o grao medio, de 72.001 euros a 126.000 euros; e o grao máximo, de 126.001 a 180.000 euros.”



Emenda nº52, ao apartado d), de Adición. Artigo 38

Engadir un novo apartado d) no Artigo 38 co seguinte texto:

“d) os órganos competentes en materia de minas informarán aos órganos competentes doutros ámbitos sectoriais daquelas cuestións que lle competen que poidan estar a incorrer nunha infracción.”

Emenda nº53, de Adición. Artigo 41

Engadir un novo Artigo 41 co seguinte texto:

"Artigo 41. Avaliación e control do impacto económico e social da aplicación da lei.
Para a avaliación e control do impacto económico e social da aplicación da lei, particularmente da finalidade d) do Artigo 2 e do previsto nos informes sobre o impacto socio-laboral de cada un dos aproveitamentos autorizados a Xunta de Galiza elaborará un informe bianual con preceptivo envío ao Consello Económico e Social e audiencia ás asociacións do sector e, de forma singular, ás entidades locais con aproveitamentos termais."

Emenda nº54, de Adición. Disposición transitoria primeira

Engadir na Disposición transitoria primeira despois de "reglamentaria", o seguinte: "(que non excederá dos dous meses desde a publicación da presente lei no DOG)".





Emenda nº55, ao apartado 3, de Supresión. Disposición transitoria primeira

No apartado 3 da Disposición transitoria primeira suprimir:
“solicitarase en todo caso informe da consellería competente en materia de sanidade e darase trámite de audiencia ás persoas interesadas A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico.”

Emenda nº56, ao apartado 3 bis), de Adición. Disposición transitoria primeira

Engadir un novo apartado 3 bis) co seguinte texto:

“3 bis. Solicitarase, sen excepción, informe das consellarías competentes en sanidade, medio ambiente e patrimonio así como do concello no que se atopa a instalación que se pretende regularizar.”

Emenda nº57, ao apartado 3 ter), de Adición. Disposición transitoria primeira

Engadir un novo apartado 3 ter) na Disposición transitoria primeira co seguinte texto:

“3 ter. O proceso de regularización someterase a información pública durante o prazo dun mes hábil, no que se dará audiencia ás persoas interesadas.”

Emenda nº58, ao apartado 3 quater), de Adición. Disposición transitoria primeira

Engadir un novo apartado 3 quater) na Disposición transitoria primeira co seguinte texto:

“3 quater. A resolución que poña fin ao procedemento, de ser favorable, outorgará o correspondente título administrativo para o aproveitamento lúdico de augas termais.”



Emenda nº59, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Substituír no título da Disposición transitoria terceira: “espazos termais”, por: “aproveitamentos lúdicos de augas termais”.

Emenda nº60, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Substituír na Disposición transitoria terceira no epígrafe "espazos termais", por: "aproveitamentos lúdicos de augas termais".

Emenda nº61, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Substituír na Disposición transitoria terceira "piscinas termais", por: "piscinas de uso lúdico-termal".

Emenda nº62, de Adición. Disposición transitoria terceira

Engadir na Disposición transitoria terceira despois de "serán", o seguinte:

Emenda nº63, de Supresión. Disposición transitoria cuarta

Engadir unha nova Disposición transitoria cuarta co seguinte texto:

“Disposición transitoria cuarta. Regulación específica para as augas mineromedicinais frías.

No prazo máximo de seis meses, a consellaría competente en materia de minas emitirá normativa reguladora específica para as augas mineromedicinais frías previa audiencia aos concellos, colectivos e asociacións implicados na materia e previo informe do Consello Económico e Social.”



Emenda nº64, de Adición. Disposición transitoria quinta

Engadir unha nova Disposición transitoria quinta co seguinte texto:

“Disposición transitoria quinta. Regulación das augas e fontes termais de uso tradicional e Creación do seu correspondente rexistro.

No prazo máximo de seis meses, a consellaría competente en materia de minas en colaboración coa consellaría competente en patrimonio e cultura emitirá normativa reguladora específica para as augas e fontes termais de uso tradicional. Complementariamente, no prazo máximo dun ano créase o Rexistro das augas e fontes termais de uso tradicional co obxectivo de levar a cabo o seu inventario e a recompilación das súas características e condicións de uso como un elemento popular e parte da cultura material e inmaterial do pobo galego.”

Emenda nº65, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir unha nova Disposición adicional primeira co seguinte texto:

“Disposición adicional primeira. Plan de conservación e recuperación do patrimonio cultural termal.

No prazo máximo de seis meses aprobarase, previa remisión ao Parlamento Galego e despois dun proceso participativo, un Plan de conservación e recuperación do patrimonio cultural termal para a posta en valor dos usos tradicionais das augas, da súa orixe, arqueoloxía, evolución histórica e desenvolvemento até a actualidade con especial atención á recuperación do patrimonio material e ao rexistro do patrimonio inmaterial así como da súa pegada literaria e artística. Dito Plan será actualizado cada cinco anos e contará cunha previsión orzamentaria detallada.”



Emenda nº66, ao apartado 2, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Substituír o apartado 2 da Disposición derradeira primeira polo seguinte texto:

“Dous. Modifícase o número 1 do artigo 27 que queda redactado como segue:

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas, logo de incoación do oportuno expediente, de acordo coa seguinte gradación:

a) as infraccións leves, con multa de ata 1.800 euros. O grao mínimo desta multa abrangue ata os 600 euros; o grao medio, de 601 a 1.200 euros; e o grao máximo, de 1.201 a 1.800 euros.

b) as infraccións graves, con multa desde 1.801 euros ata 18.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 1.801 euros a 7.200 euros; o grao medio, de 7.201 a 12.600 euros; e o grao máximo, de 12.601 a 18.000 euros.

c) as infraccións graves, con multa de 18.001 euros ata 180.000 euros. O grao mínimo desta multa abrangue de 18.001 euros a 72.000 euros; o grao medio, de 72.001 euros a 126.000 euros; e o grao máximo, de 126.001 a 180.000 euros.

Nestes casos, poderá impoñerse ademais, como sanción accesoria a suspensión temporal da concesión ou autorización por período de até seis meses ou a extinción da concesión ou autorización”

Emenda nº67, ao apartado 2, de Adición. Disposición derradeira cuarta

Engadir na Disposición derradeira cuarta no final do apartado 2 o seguinte:

“naquelas modificacións que supoñan exclusivamente unha aclaración informativa dos puntos relacionados ou, no seu caso, un aumento da documentación e información esixida.”

Emenda nº68, de Adición. Anexo

Engadir no punto g) do Anexo o seguinte:





“Incluirá as recomendacións referentes ás zonas de restrición determinadas no Artigo 13 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galiza.”

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2019 14:00:42

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2019 14:00:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, presenta a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 57026 de **emendas ao Proxecto de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia [10/PL-000018 (doc. núm. 53521)]**.

Corrección 1

Na emenda nº62 por un erro na aplicación non se inclueu o texto a adicionar que sería o seguinte:

“tamén as previstas no Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, sen prexuízo das”

Corrección 2

A emenda nº63, aparece como “de supresión” e é de “adición”, tal e como se infire do texto que figura no documento.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 12:00:29



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO
COMÚN DA ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO
APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000018).**

Emenda nº1, ao apartado c, de Adición. Artigo 2

Débese engadir no apartado c), despois de "...turístico,..." a seguinte palabra: "...,terapéutico..."

Emenda nº2, ao apartado a, de Adición. Artigo 3

Débese engadir no apartado a) despois de "...superior en..." o seguinte: "..., polo menos,..."

Emenda nº3, ao apartado b, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir no apartado b), despois de "... piscinas termais..." o seguinte " ... de uso lúdico."

Emenda nº4, ao apartado d, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir ao principio do apartado d), despois de "Piscina termal..." o seguinte: "...de uso lúdico..."

Emenda nº5, ao apartado d, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir no apartado d) despois de "... consideración como piscina..." o seguinte: "... de acordo co Real decreto 742/2013, do 27 de setembro polo que se establecen criterios técnicos-sanitarios das piscinas."



Emenda nº6, ao apartado d bis), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"d bis) Auga termal de emerxencia natural.- aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación, condución ou bombeo; e para ser empregada no lugar no que xurde."

Emenda nº7, ao apartado d ter), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"d ter) Poza termal: tipo de espazo termal de retención e/ou acumulación de auga onde a lámina de auga que non supera os 60 cm, é utilizada para o baño."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 7

Débase substituír o texto:" Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios" por:
" Aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección para a conservación dos acuíferos."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

Débase substituír, no apartado 1, liña 3: "...encontren dentro do perímetro...", por: "... encontren dentro das zonas que compoñen o perímetro..."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Débase substituír o texto: "Se dentro do dito perímetro..." por:
"Se dentro de dita zona que compón o perímetro..."



Emenda nº11, ao apartado 2.c, de Supresión. Artigo 8

Débase suprimir o seguinte texto:

"...non poderá exceder dun radio de 300 metros, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior."

Emenda nº12, ao apartado 2.c, de Modificación. Artigo 8

Débase substituír o apartado c do punto 2 polo seguinte texto:

" c) Un estudo xustificativo da necesidade da zona que compón o perímetro de protección, que deberá conter as especificacións previstas no anexo e que terá en conta a metodoloxía aplicada na lexislación para definir as zonas de protección dun perímetro. Establecerase un radio tendo en conta o tempo de tránsito e a natureza fisural dos acuíferos galegos."

Emenda nº13, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 9

Débase suprimir o punto 5 xunto cos apartados a) e b).

Emenda nº14, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 9

Débase suprimir o apartado 7.

Emenda nº15, ao apartado 2.a, de Modificación. Artigo 10

Débase substituír o texto deste subapartado polo seguinte:

"a) A denominación da instalación como " Espazo termal terapéutico-medicinal de/ Piscina termal terapéutica-medicinal de uso lúdico de".



Emenda nº16, ao apartado 2.f, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o subapartado f)

Emenda nº17, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 10

Débese substituír o texto: "...doce meses..." por: "...tres meses...".

Emenda nº18, ao apartado c, de Adición. Artigo 23

Débese engadir, ao final, despois do texto: "...ou tratamentos estéticos." o seguinte: "...ou fisioterapéuticos."

Emenda nº19, ao apartado d, de Modificación. Artigo 23

Débese substituír, na segunda liña, o texto: "..terapéuticos das augas..." polo seguinte: "...terapéuticos medicinais..."

Emenda nº20, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 26

Débese substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. Para a resolución do conflito, prevalecerá o aproveitamento terapéutico-medicinal."

Emenda nº21, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 27

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

" 2 bis) Para o outorgamento do título habilitante teranse en conta os proxectos complementarios de explotación termal, que inclúan plans que fomenten o cooperativismo, para que de xeito sostible, pequenas empresas poidan participar do tecido empresarial asociado ás augas termais."



Emenda nº22, ao apartado e, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir o apartado e).

Emenda nº23, ao apartado f, de Modificación. Artigo 30

O apartado f) pasará a ser o apartado e) e conterá o seguinte texto::

"e) A deterioración significativa da calidade ou cantidade do acuífero por causas imputables á persoa titular da autorización ou concesión".

Emenda nº24, ao apartado g, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir o apartado g).

Emenda nº25, ao apartado d, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o apartado d).

Emenda nº26, ao apartado e, de Supresión. Artigo 31

Deébese suprimir o apartado e).

Emenda nº27, ao apartado f, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o apartado f).

Emenda nº28, ao apartado c bis), de Adición. Artigo 32

Débese endadir un novo apartado co seguinte texto:





"c bis) A inobservancia dos requirimentos formulados pola inspección mineiro ou a demora na súa atención, referidos ao cumprimento das condicións dirixidas a garantir a seguridade e a evitar danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente."

Emenda nº29, ao apartado c ter), de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"c ter) A reiteración da falta elevará a consideración da infracción, subindo o grao de leve a grave e de grave a moi grave."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débese engadir na liña 5, despois de "... do plan de peche e abandono...", o seguinte:

"Para a instrución e resolución favorable será preciso un único informe da consellería competente en materia de sanidade no que se acredite que as instalacións e as augas compren coas condicións hixiénico-sanitarias e de salubridade que resulten esixibles."

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/10/2019 14:08:21



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO
APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000018).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo neste artigo, que terá o seguinte contido:

"As augas termais, como as minerais e de manancial, constitúen un recurso declarado de utilidade pública, que forma parte do dominio público hidráulico."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

Ab initio onde di: "As finalidades da lei son: ", debe dicir: "Complementariamente ás finalidades establecidas na norma xeral sobre a regulación das augas termais na Comunidade Autónoma de Galicia, as finalidades desta lei son:"

Emenda nº3, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. "Poñer en valor turístico o aproveitamento lúdico das augas termais, estruturando a oferta, os recursos e os servizos a través da realización dun plan e das medidas que potencien o destino a Galicia."

Emenda nº4, ao apartado a), de Modificación. Artigo 3





Proponse unha nova redacción para a letra a) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Augas termiais: as definidas como tales no artigo 2.2 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termiais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 5

No punto 1 deste artigo onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 5

No punto 2 deste artigo, onde di: "... o informe da consellaría ...", debe dicir: "... o informe vinculante da consellaría ..."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

Logo de: "... en materia de sanidade ...", débese engadir: "... de acordo cos parámetros definidos obxectivamente e que deben contar co necesario proceso de verificación e control permanente, para o cal se dotará dos medios necesarios, ..."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 6

Débese engdir *in fine* o seguinte texto:

"... e de acordo co regulado no artigo 10 da lei 5/1955, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termiais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7



No punto 1 deste artigo, onde di: "... terán dereito ao aproveitamento ...", debe dicir: "... terán dereito, de acordo co cumprimento dos criterios que estableza e verifique a administración, ao aproveitamento ..."

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No punto 1 deste artigo, *in fine*, onde di: "... na normativa básica.", debe dicir: "... na normativa existente ao efecto."

Emenda nº11, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

No punto 2 deste artigo, *in fine*, onde di: "... para que manifieste:", debe dicir: "... para que manifieste e acredite tecnicamente: "

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

O segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, que comeza por: "No caso de que, ...", débese substituír polo seguinte texto:

"A consellaría competente na materia determinará, logo de recibir tales comunicacións, a procedencia, de ser o caso, do dereito de aproveitamento solicitada."

Emenda nº13, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 8

Proponse unha nova redacción para a letra b) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) Un proxecto xeral de aproveitamento suscrito por técnico/a competente comprensivo das especificacións seguintes:

- Descrición pormenorizada da zona
- Deseño de captación: xeoloxía, local, hidroloxía local (caudais, calidade termal), características técnicas das captacións (enturbacións), a súa execución (se for o caso), condicións ata as instalacións de aproveitamento, réxime de





explotación de recursos, instalacións de captacións (bombas, valvulería), protección das captacións, medidas de depuración (se for o caso), protección do acuífero fronte á contaminación, así como medidas relacionadas de protección ambiental.

- Explotación do recurso: instalacións (ao descuberto ou pechadas), conducións (aspectos hidráulicos, térmicos, corrosivos), proxecto básico de edificacións (edificios e naves).
- Programa de explotación: funcionamento interno (programas ofertados para uso lúdico) e réxime de funcionamento.
- Programa de vixilancia e control: instalacións e captación.
- Estudo de viabilidade económica coa inclusión dun presuposto dos investimentos que se realizarán, estudo sobre o seu financiamento e garantías da súa viabilidade."

Emenda nº14, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 8

Propónse modificar a letra c) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

c) Un estudo xustificativo da necesidade do perímetro de protección, que deberá conter as especificacións seguintes:

- Descrición morfométrica da zona – conca.
- Xeoloxía rexional e local do manancial.
- Estudo de hidroloxía na superficie: estimación de recarga, balance hidrolóxico, compoñentes do ciclo hidrolóxico.
- Estudo hidroxeolóxico: caracterización hidrodinámica do medio xeolóxico, identificación de acuíferos, funcionamento hidrodinámico destes.
- Estudo termal: caracterización termal das augas a partir das 12 medidas mensuais de pH, condutividade, Eh, temperatura e oxíxeno disoltos realizadas nun ano hidrolóxico achegados para a súa declaración. Orixe, tempo de residencia.



- Estudo de vulnerabilidade: inventario de puntos de auga, posibles puntos e áreas de contaminación difusa conservativa e non conservativa. Existencia doutros mananciais termais.

- Cálculo de perímetro de protección, segundo metodoloxía a establecer regulamentariamente.

Os perímetros de protección non poderán exceder dun radio de 300 metros sendo fixados con criterios obxectivos pola administración competente e logo do informe da Administración local afectada, agás que por causas excepcionais e debidamente xustificadas quede acreditada a necesidade dun perímetro de protección superior."

Emenda nº15, ao apartado 2.c) bis), de Adición. Artigo 8

Débase engadir unha nova letra c) bis, no punto 2, que terá o seguinte contido:

"c) bis, calendario de execucion e orzamentario dos investimentos."

Emenda nº16, ao apartado 2.d) bis), de Adición. Artigo 8

Débase engadir unha nova letra d) bis, no punto 2, que terá o seguinte contido:

"d) bis. Plan de seguridade e saúde laboral."

Emenda nº17, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 8

Débase engadir un novo punto 3 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Igualmente deberá presentar as previsións no relativo ao número e características do persoal a contratar, o cal, deberá, se for o caso, reunir as habilidades e coñecementos para o correcto desenvolvemento das funcións técnicas ou tarefas a





realizar, e que será definido regulamentariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

No punto 2 deste artigo, onde di: "... un prazo de vinte días, ...", debe dicir: "... un prazo de trinta días, ..."

Emenda nº19, ao apartado 2, de Adición. Artigo 9

No punto 2 deste artigo, despois de: "... no *Diario Oficial de Galicia*. ...", Débese engadir a seguinte expresión: "... e na páxina web da consellaría ..."

Emenda nº20, ao apartado 4.d), de Modificación. Artigo 9

No punto 4, letra d) deste artigo, onde di: "... outros aspectos de competencia municipal, ...", debe dicir: "... outros aspectos de competencia ou interese municipal,..."

Emenda nº21, ao apartado 4.d) bis), de Adición. Artigo 9

Débese engadir no punto 4, deste artigo, unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:
"d) bis. Informe da consellaría competente en materia de medio ambiente."

Emenda nº22, ao apartado 4.d) ter), de Adición. Artigo 9

Débese engadir, neste artigo, unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d) ter. informe do órgano da administración correspondente, ao respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade."



Emenda nº23, ao apartado 5.b) bis), de Adición. Artigo 9

No punto 5 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) bis, que terá o seguinte contido:

"b) bis. Informe da Xunta Asesora de Augas Minerais, Termiais, de Manancial e de Establecementos Balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co regulado no artigo 24 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termiais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº24, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

No punto 1 deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ...".

Emenda nº25, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 10

No punto 3 deste artigo, onde di: "... no prazo máximo de doce meses ..." Debe dicir: "... no prazo máximo de oito meses ..."

Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, onde di: "... no prazo dun ano, contando desde a data de notificación da resolución de outorgamento da autorización ou concesión de aproveitamento lúdico.", debe dicir: "... no prazo dun ano contado a partir da data na que estean debidamente autorizadas as instalacións."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

Propónse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. As concesións outorgaranse por un período de 30 anos, prorrogables de tal forma que, conxuntamente coa concesión inicial, nunca podan superar os 75 anos."





Emenda nº28, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo punto 2 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"2 bis. O titular da concesión deberá solicitar a prórroga con anterioridade mínima dun ano o remate do prazo de vixencia."

Emenda nº29, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. Calquera explotación das augas obxecto desta lei que non obtivese a necesaria concesión ou autorización, de ser o caso, será considerada ilegal e o organismo competente ordenará a inmediata paralización dela, que se manterá en tanto non se legalice a súa situación, sen prexuízo das sancións a que haxa lugar."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 17

Onde di: "... poderase ordenar a suspensión da actividade ...", debe dicir: "... ordenará por escrito a suspensión inmediata da actividade ..."

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 18

No primeiro parágrafo deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir. "... en materia de augas ..."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 18

Débese engadir *in fine* neste artigo o seguinte parágrafo:





"Nos supostos recollidos nas letras b), d), f) e h) precisarase un informe da consellaría competente en materia de sanidade, que será vinculante e, en calquera caso, o órgano competente daralle conta ao de sanidade das extincións dos aproveitamentos de augas producidas."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 19

Débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo:

"En todo caso deberá comprobarse o cumprimento das condicións do peche ou abandono previamente establecidas segundo recolle o artigo 8 h) desta lei."

Emenda nº34, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 20

No punto 2 deste artigo, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

Emenda nº35, ao apartado 3, de Adición. Artigo 20

No punto 3 deste artigo, logo de: "... do aproveitamento inicialmente autorizado ou concedido, ...", débese engadir: "... que en todo caso se entenderá cando á alteración sexa superior ao 10 % do aproveitamento na cantidade autorizada ou obxecto da concesión, ..."

Emenda nº36, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis). O trámite a seguir para a probación das modificacións será o establecido no artigo 9 desta lei."

Emenda nº37, de Adición. Artigo 21



Débase engadir un novo artigo 21 bis, que terá o seguinte contido:

“Artigo 21 bis. Outorgamento por concurso público

Declarada a extinción dunha concesión, e sempre que a perda non for consecuencia das condicións ou características que serviron de base para o seu aproveitamento, o órgano competente concederá o aproveitamento mediante concurso público, de acordo co procedemento establecido na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e das normas que regulamentarias a desenvolven.”

Emenda nº38, ao apartado c), de Modificación. Artigo 22

Na letra c) deste artigo, onde di: "... en materia de minas, ...", debe dicir: "... en materia de augas, ..."

Emenda nº39, de Adición. Artigo 23

Débase engadir un novo parágrafo ao final deste artigo, que terá o seguinte contido:

"As obrigas de información pública ás que se refire ese artigo, deberá igualmente reflectirse na páxina web das instalacións termais correspondentes."

Emenda nº40, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 24

No punto 2 deste artigo, onde di: "... . Estas últimas suxeitaranse ...", debe dicir: "... . Estas últimas suxeitaranse, de ser o caso, ..."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo punto g) bis, que terá o seguinte contido:



"g) bis. A reiteración de infraccións graves."

Emenda nº42, ao apartado f) bis), de Adición. Artigo 31

Débese engadir unha nova letra f) bis neste artigo, que terá o seguinte contido:

"f) bis. O incumprimento das obrigas de información recollidas no artigo 23 desta lei."

Emenda nº43, ao apartado f) ter), de Adición. Artigo 31

Débese engadir unha nova letra f) ter, que terá o seguinte contido.

"f) ter. A reiteración de infraccións leves."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 33

Despois de: "As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos: ...", débese engadir: "... contados desde a comisión do feito ou desde a súa detección: ..."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 35

Débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... .Igualmente estarase ao disposto no recollido no artigo 28 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termiais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº46, ao apartado a), de Modificación. Artigo 38

Na letra a) deste artigo, onde di: " ... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."



Emenda nº47, ao apartado b), de Modificación. Artigo 38

Na letra b) deste artigo, onde di: "... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."

Emenda nº48, ao apartado c), de Modificación. Artigo 38

Na letra c) deste artigo, onde di: "... en materia de minas.", debe dicir: "... en materia de augas."

Emenda nº49, de Adición. Artigo 38

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"As sancións moi graves no seu grao máximo e, en todo caso, a extinción da concesión ou autorización se é o caso, do aproveitamento acordaraas o Consello da Xunta de Galicia."

Emenda nº50, ao apartado 1, de Modificación. Disposición transitoria primeira

No punto 1 desta disposición onde di: "... poderán regularizarse de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de minas, ...", debe dicir: "... deberán iniciar, no prazo máximo de seis meses, a súa regulación de acordo co procedemento previsto, para os efectos de dispoñer do título habilitante en materia de augas, ..."

Emenda nº51, ao apartado 3, de Modificación. Disposición transitoria primeira

No punto 3 desta disposición, onde di: "..., ambos coas especificacións contidas no anexo, ...", debe dicir: "... contidas no artigo 8 desta lei, ..."



Emenda nº52, ao apartado 3, de Adición. Disposición transitoria primeira

No punto 3 desta disposición, despois de: "... en todo caso informe da consellaría competente en materia de sanidade ..." débese engadir a seguinte frase: "... e do concello onde estea radicada a instalación ..."

Emenda nº53, ao apartado 5, de Modificación. Disposición transitoria primeira

No punto 5 desta disposición onde di: "... deberán regularizarse no prazo máximo de doce meses ...", debe dicir: "... deberán iniciar o proceso de regularización no prazo máximo de seis meses ..."

Emenda nº54, ao apartado 6, de Modificación. Disposición transitoria primeira

No punto 6 desta disposición, onde di: "... en materia de minas ...", debe dicir: "... en materia de augas ..."

Emenda nº55, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Onde di: "Mentres non se aproben os modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nesta lei, ...", debe dicir: "No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase á aprobación dos modelos normalizados de solicitude para os procedementos previstos nelas, e ata entón poderá ..."

Emenda nº56, de Adición. Disposición transitoria segunda

Débese engadir unha nova disposición transitoria segunda bis, que terá o seguinte contido:



"Disposición transitoria segunda bis. Carácter público e actualizado do Rexistro de Augas Minerais, Termas e de Manancial

A Xunta de Galicia procederá de xeito inmediato a dar cumprimento ao establecido no artigo 21 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termas, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia con respecto ao carácter público do Rexistro de Augas Minerais, Termas e de Manancial, procedendo de ser o caso, ás actualizacións necesarias. No dito rexistro crearase un apartado específico para o aproveitamento das augas obxecto desta lei."

Emenda nº57, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Onde di: "Mentres non se dite a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, as condicións ...", debe dicir: "No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, procederase a ditar a normativa regulamentaria á que se refire o artigo 24.2, e no relativo ás condicións ..."

Emenda nº58, de Adición. Disposición transitoria terceira

Débase engadir unha nova disposición transitoria terceira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria terceira bis. Plan de turismo termal

A Xunta de Galicia no prazo máximo de seis meses, desde a aprobación desta lei, aprobará o Plan de turismo termal co obxecto de poñer en valor os recursos deste sector en toda Galicia, estruturando a oferta, os recursos e os servizos, de tal xeito que, conduzan á potenciación dos valores turísticos e dos recursos naturais e culturais, coa sustentabilidade como criterio chave para contribuír en maior medida ao desenvolvemento socioeconómico coa potenciación do destino termal. Para a súa elaboración contará cos axentes e organizacións sociais e económicas do sector, así como das administracións locais, e antes da súa aprobación será obxecto de exame polo Parlamento de Galicia."



Emenda nº59, de Adición. Disposición transitoria terceira

Débase engadir *in fine*, nesta disposición transitoria terceira o seguinte texto:

"... . Debendo en calquera caso dar cumprimento ás características e requisitos técnicos de acordo co definido no artigo 3 d) desta lei."

Emenda nº60, ao apartado Dous bis), de Adición. Disposición derradeira primeira

Nesta disposición débese engadir un novo parágrafo Dous bis, que terá o seguinte contido:

"Dous bis: As referencias contidas nesta lei á consellaría competente en materia de industria, entenderanse referidas á consellaría competente en materia de augas."

Emenda nº61, ao apartado Dous ter), de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir unha nova disposición derradeira primeira ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira ter. Modifícase o Título IV que pasa a denominarse: Da Xunta Asesora e da creación dunha sección termal dentro do Observatorio de Turismo de Galicia."

Emenda nº62, ao apartado Dous quater), de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir unha nova disposición derradeira primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira quater:

Inclúese un novo artigo 24 bis co seguinte contido:





Artigo 24 bis. Dentro do Observatorio de Turismo de Galicia, crearase unha sección encargada de afondar no coñecemento do sector termal desde as súas diferentes perspectivas, promover a innovación no desenvolvemento rural a través do termalismo, impulsar novas políticas públicas que contribúan ao desenvolvemento do termalismo, facilitar a cooperación entre os axentes que interveñen no sector, cooperar cos outros organismos similares de fóra de Galicia e sistematizar os datos socioeconómicos e turísticos do sector termal en Galicia."

Emenda nº63, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir unha nova disposición derradeira primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira bis. Custos de depuración
As augas obxecto desta lei, polo seu volume ou características especiais, poderán ser obxecto dun tratamento singular e diferenciado na fixación do correspondente gravame por depuración."

Emenda nº64, ao apartado 1, de Adición. Disposición derradeira cuarta

No punto 1 desta disposición débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... no prazo de oito meses."

Emenda nº65, ao apartado 2, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

O punto 2 desta disposición débese suprimir.

Emenda nº66, de Adición. Disposición derradeira cuarta

Débase engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:



"Disposición derradeira cuarta bis. Autorización para refundir textos.

Co obxecto de evitar a dispersión normativa e facilitar o coñecemento e a localización da normativa aplicable, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobará o correspondente decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e esta lei, de acordo co regulado nos artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

Emenda nº67, de Adición. Disposición derradeira cuarta

Débase engadir unha nova disposición derradeira cuarta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira cuarta ter. Competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas minerais, de manancial e termais.

A Xunta de Galicia establecerá as medidas oportunas para que as competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas minerais, de manancial e termais pasen a ser exercidas pola consellería competente en materia de augas."

Emenda nº68, de Supresión. Exposición de motivos

O segundo parágrafo da epígrafe II que comeza por: "O exercicio das ditas competencias autonómicas ..." débese suprimir.

Emenda nº69, de Modificación. Exposición de motivos

Propónse unha nova redacción para o último parágrafo da epígrafe II, que comeza por: Coa aprobación desta lei complementáanse ...", que terá o seguinte contido:

Esta lei está en completa e directa relación cá Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de





manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, co obxecto de evitar a dispersión normativa e facilitar o coñecemento e a localización da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, deberá aprobar o correspondente decreto legislativo que as refunda, de acordo co regulado nos artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

Emenda nº70, de Supresión. Exposición de motivos

O último paragrafo da exposición de motivos, que empeza por: Por último", ata: "... aproveitamentos lúdicos.", débese suprimir.

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2019
16:13:43**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO
APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000018).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición. Artigo 3

Débese engadir una nova letra e) co seguinte contido:

"e) Emerxencia natural: aquela que brota de xeito natural na superficie, sen necesidade de intervención humana, especialmente sen necesidade de captación, perforación e bombeo."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 7

No apartado 1 débese suprimir o inciso 'e que pertencen ao mesmo acuífero".

Emenda nº3, ao apartado 4, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado 4, co seguinte contido:

"4. Prohíbese tamén a realización de calquera perforación no perímetro de protección dos establecementos de balneario, de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica en materia de minas, sempre que afecte ao normal aproveitamento dos establecementos de balneario."

Emenda nº4, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 9

Débese dar unha nova redacción ao apartado 4, que pasará a ter o seguinte contido:





"4. En todo caso, solicitaranse os seguintes informes, que terán carácter preceptivo e vinculante:

a) Informe da consellaría competente en materia de sanidade.

En particular, o informe versará sobre os criterios técnico-sanitarios da calidade das augas e sobre as condicións de salubridade que as instalacións deberán cumprir en todo momento durante a vixencia do título administrativo.

b) Informe da Administración hidráulica correspondente.

c) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

d) Informe do municipio no que se proxecte o aproveitamento pretendido, sobre a adecuación do dito aproveitamento á normativa urbanística e sobre a adecuación á normativa das características construtivas do vaso e do resto das instalacións existentes, de acordo coa normativa que resulte de aplicación.

O dito informe poderá estenderse a outros aspectos de competencia municipal, aínda que só terá carácter vinculante, para os efectos da resolución do procedemento, o pronunciamento sobre os aspectos indicados no parágrafo anterior."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo apartado 4, co seguinte contido:

"4. Para o suposto de que a modificación refírase a un aproveitamento para uso lúdico autorizado no perímetro de protección dun establecemento de balneario, debera outorgarse un trámite de audiencia ao titular de dito establecemento, aos efectos de que poida alegar o que estime oportuno en relación coa modificación que se pretende. En ningún caso autorizarase a modificación dun aproveitamento que poida conlevar un prexuízo ao normal aproveitamento do establecemento de balneario."

Asinado dixitalmente por:

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/10/2019
17:51:20**





Pedro Puy Fraga na data 04/10/2019 17:51:38



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario por parte de varias familias de alumnos e alumnas que están escolarizados/as no do CPI A Xunqueira de Fene e do CEIP Plurilingüe O Ramo, no concello de Fene, ao inicio deste curso 2019/2020, e que teñen necesidades educativas especiais, reduciuse o profesorado que presta atención á diversidade, o que dificulta o seguimento das clases destes nenos e nenas.

O sistema educativo en Galicia contempla a atención á diversidade como un dereito fundamental, tal como se recolle no Decreto 299/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CPI A Xunqueira e o CEIP Plurilingüe O Ramo son dous máis dos centros que se atopan afectados pola redución de profesorado sen que se teña recibido xustificación algunha ao respecto, situación esta que contribúe a unha redución da calidade educativa, sobre todo no ámbito da atención á diversidade, que sitúa en teoría, e segundo declaran de forma continua os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Galicia no primeiro posto do Estado.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a dimensión, valorada polo departamento de orientación do CPI A Xunqueira de Fene e do CEIP Plurilingüe O Ramo, do alumnado que precisa atención individualizada en función das súas necesidades, se for o caso, considera que ese dimensionamento é correcto?

2ª) Que xustificación atopa a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, co mesmo ou maior número de alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas, se diminúa o profesorado?



3ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coherente este tipo de actuacións co feito de repetir permanentemente que esta é a comunidade autónoma que máis e mellor atende á diversidade?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/10/2019 19:22:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2019 19:22:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/10/2019 19:22:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, **sobre o Plan Retorna 2020**.

Antes do inicio da crise, Galicia era un destino interesante para as persoas que buscaban un futuro, pero dende 2008 a tendencia invértese e perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Delas, 103.092 foron mozos e mozas de entre 16 e 34 anos. 234.740 historias de emigración, de separación de amizades, de familias distanciadas a miles de quilómetros, de apertas substituídas por chamadas por skype. Deste xeito, dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

É dicir, que de non tomar medidas a caída poboacional non vai facer máis que acelerarse deixando tras de si un país cada vez máis avellentado e máis pequeno. Situación ante a que parece que o Goberno galego non actúa máis alá de escasas medidas de fomento do emprendemento das persoas retornadas e as chamadas bolsas de excelencia. Medidas deslavazadas e cunhas cifras de cobertura moi pequenas. Ás que deberíamos engadir o plan da emigración 2017-2020, do cal soamente podemos coñecer un esquema na páxina web de emigración da Xunta. Porén, o pasado 12 de abril o presidente da Xunta anunciou a aprobación do Plan retorna 2020 sen aclarar que novidades relevantes incluía. Con ese obxectivo



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

temos rexistrado preguntas parlamentarias que máis de ano e medio despois non recibiron resposta.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas:

- Ten feito o Goberno galego un balance dos resultados das medidas a prol do retorno que se viñan aplicando ata o de agora?
- Cales son as novas medidas de fomento do retorno que inclúe o Plan Retorna 2020?
- Cales son os resultados obtidos referente ao número de retornados dende a aplicación do plan?
- Que tipo de axudas están dando un mellor resultado?
- Como son os datos en comparación cos de anos anteriores?
- Cales son os motivos que xustifican que aínda non estea publicado o plan estratéxico da emigración 2017-2020?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/10/2019 11:07:31



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A esfera xurídica de dereitos dos cidadáns fronte á actuación das administracións públicas atópase protexida a través dunha serie de instrumentos tanto de carácter reactivo, sistema de recursos administrativos ou o control realizado por xuíces e tribunais, como preventivo, a través do procedemento administrativo, expresión de que a Administración Pública actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito. A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común establece unha regulación completa e sistemática das relacións entre as administracións e os administrados.

A Constitución no seu título IV, artigo 103 establece os principios que deben rexer a actuación das administracións públicas: principios de eficacia, seguridade xurídica e legalidade, ao impoñer o sometemento pleno da actividade administrativa á lei e ao dereito .

Estes principios materialízanse nun procedemento administrativo, entendido como o conxunto ordenado de trámites e actuacións formalmente realizadas, segundo a canle legalmente prevista, para ditar un acto administrativo ou expresar a vontade dunha administración e que debe de garantir o adecuado equilibrio entre a eficacia da actuación administrativa e a imprescindible salvagarda dos dereitos dos cidadáns que se deben exercer en condicións básicas de igualdade en calquera parte do territorio, con independencia da administración coa que se relacionen os seus titulares.

De acordo coa CE a citada lei regula os dereitos e garantías mínimas que corresponden a todos os cidadáns respecto da actividade administrativa, tanto na súa vertente do exercicio da potestade de autotutela, como da potestade regulamentaria e iniciativa legislativa.

É dicir que o cumprimento das formalidades que esixe o procedemento administrativo constitúe a garantía do efectivo exercicio dos dereitos da cidadanía.

O informe do Valedor do Pobo, polo que respecta ás queixas en materia de funcionamento da Administración pública conclúe entre outras cuestións que:



“detéctanse as mesmas deficiencias que nos informes dos anteriores exercicios, entre outras, a falta de reposta expresa e en prazo ás reclamacións e recursos presentados “.

Resulta alarmante o incumprimento do procedemento administrativo establecido pola Lei 39/2025 do procedemento administrativo común por parte da Administración autonómica, mentres esta esixe ao administrado o estrito cumprimento das obrigas legalmente impostas.

Administración e administrado non resultan iguais e deberían selo.

A falta de seguimento rigoroso dos trámites administrativos xera desconfianza no administrado, vulnerando de maneira efectiva ou non os seus dereitos, xa que as garantías formais dos procedementos establécense para defender os intereses lexítimos das partes en conflito, na maioría dos casos do administrado fronte á Administración pública.

Polo exposto anteriormente as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que consideración fai a Xunta de Galicia do incumprimento do procedemento administrativo que plasma o Valedor do Pobo no seu informe?

2ª) Que consideración fai do uso excesivo do silencio administrativo?

3ª) Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para acabar con estes incumprimentos que, segundo conclúe o Valedor do Pobo, veñen dándose ano tras ano?

4ª) Considera que a actuación da Xunta de Galicia responde e respecta os principios de eficacia, legalidade e seguridade xurídica?

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 11/10/2019 11:29:44





Patricia Vilán Lorenzo na data 11/10/2019 11:30:02



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre a situación da fábrica de Siemens Gamesa nas Somozas.

O anuncio realizado por Siemens Gamesa -nun escrito remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV)- de que está a negociar en exclusiva unha operación co grupo alemán Senvion, a adquisición de activos do sector eólico en Europa, espertou o temor dunha posible deslocalización que podería afectar á planta de pas das Somozas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Luca Chao Pérez na data 11/10/2019 12:26:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Considera a Xunta de Galicia que está a realizar unha boa política en materia de emprego pese o balance negativo destes dez anos?
- Teñen pensado levar a cabo algún plan de choque urxente en materia de desemprego que poña especial atención no emprego da xente moza?
- Considera o Goberno que está a desenvolver toda a súa capacidade competencial en materia de políticas activas de emprego?
- Que plan ten o Goberno para reverter a situación de perda de emprego no sector industrial?
- Cales son as actuacións que ten realizado nestes últimos anos a Xunta de Galicia en coordinación con outras Administracións en materia de políticas activas de emprego?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 13:03:43
Nº Rexistro: 57460
Data envío: 11/10/2019 13:03:43.787

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/10/2019 12:51:50

CSV: BOPGDSPGEOU1BAI7A2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 8 de outubro de 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 26 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve definitivamente a relación de centros docentes autorizados para a implantación do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMbach) para o curso 2019/20.

Esta resolución contempla a inclusión de 16 novos centros o que supón, xunto cos 15 xa autorizados no curso 2018/2019, que serán un total de 31 centros os que impartan esta modalidade durante o curso actual, é dicir, o 10,5 % do total.

Como se sabe, esta é unha modalidade que pretende, ao amparo do que establece o artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, promover a especialización curricular dos institutos de educación secundaria.

Con respecto ao curso 2018/2019, os datos ofrecidos polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia e por petición deste grupo parlamentario, sobre a participación do alumnado nos centros seleccionados no curso 2018/2019 son os seguintes:

	Alumnos	Total	%
CPR Plurilingüe Compañía de María	10	81	12,35%
IES Agra do Orzán	11	42	26,19%
IES Sofía Casanova	18	132	13,64%
IES Plurilingüe Rosalía de Castro	14	162	8,64%
IES Arzebismo Xelmirez II	11	100	11,00%
IES María Casares	16	73	21,92%
IES Lucus Augusti	12	155	7,74%
IES Nosa Sra dos Ollos Grandes	18	171	10,53%
IES Francisco Daviña Rei	7	32	21,88%
IES Eduardo Blanco Amor	19	78	24,36%
IES Ramón Cabanillas	12	60	20,00%
IES Ramón Mª Aller Ulloa	8	67	11,94%
IES Plurilingüe A Paralaia	9	40	22,50%



IES República Oriental de Uruguay	22	119	18,49%
IES A Sangriña	12	82	14,63%

Os datos anteriores amosan unha participación cunha alta variabilidade segundo centros pero que, globalmente, supoñen que participou nesta modalidade un 14,28 % dos alumnado que podería telo feito.

Outro dato que se podería poñer en valor é que do total do alumnado de 1º curso de bacharelato na comunidade autónoma, a participación é do 1,26 %.

Contrastan de maneira evidente os anteriores datos con afirmacións do propio director xeral sobre o “interese enorme” (sic) que esta modalidade ten suscitado.

Por outra banda, e aínda que se sabe que o bacharelato non é unha etapa educativa obrigatoria, e polo tanto, o alumnado non ten dereito ao uso do transporte escolar, é sobradamente coñecido que o alumnado que o cursa emprégao e así se recoñece como posibilidade na Instrución 4/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2019-2020, que no seu punto 3.4 establece que o alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores de FP e programas similares aínda que non ostenta a condición de usuario lexítimo do transporte escolar, pode excepcionalmente facer uso do transporte escolar gratuíto, sempre que concorran os seguintes requisitos: que existan prazas vacantes, que non comporte a modificación das rutas, que non supoña a creación de novas paradas e que non incremente a duración do traxecto

Considerando a nula propensión da actual Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a avaliar calquera programa de experimentación e innovación educativa, e ao igual que xa se fixo anteriormente, o deputado e a deputada que asinan vense na obriga de solicitan por escrito contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos alumnos do 1º curso de bacharelato participan nesta modalidade de bacharelato durante o curso 2019/20 en cada un dos 31 centros seleccionados, e que porcentaxe supón en cada un dos centros ese número de alumnos sobre o total dos que participan?

2ª) Dentro da cada centro, cantos alumnos do 1º curso de bacharelato usan o servizo de transporte escolar e cantos alumnos, dese mesmo curso e participantes no programa ao que estamos a referirnos empregan ese servizo?



3ª) Está satisfeito o Goberno galego coa resposta dos centros e, co número de alumnos participantes?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 10:28:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/10/2019 10:29:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás máquinas de apostas, casas de apostas e salas de xogo.

Segundo datos da Xunta de Galiza, a comezos de 2019 había 136 casas de apostas e salóns de xogo abertas en Galiza. Esta cifra aumentou a 159 en maio de 2019: 118 salóns de xogo e 41 casas de apostas. Segundo estes datos, entre xaneiro e maio de 2019 abríronse ou iniciouse a tramitación de 23 destes locais de xogo.

Con respecto ás máquinas de apostas, en xaneiro de 2019 había instaladas 3.853, das cales 3.171 estaban en locais de hostalaría e 682 en casas de apostas e en salóns de xogo.

Cómpre ter en conta que o regulamento do xogo aprobado pola Xunta en 2012 fixaba un número máximo de 2.000 máquinas en bares e cafetarías, mais esta cifra foi incrementada en 2017 vía lei de acompañamento até un máximo de 3.600.

O pasado mes de maio, a Xunta de Galiza decretou unha moratoria na apertura de novas casas de apostas e salóns de xogo, mais esta limitación non lle afecta ás máquinas de apostas.



Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que razón a Xunta de Galiza incrementou en 2017 o número máximo de máquinas de apostas que se podían instalar en establecementos hostaleiros?

Cantas máquinas deste tipo se instalaron en Galiza entre o ano 2017 e a actualidade?

Cales son os ingresos fiscais que xeraron estas actividades en 2018?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de incrementar a fiscalidade do xogo?

Cantas salas de apostas e casas de xogo se autorizaron en Galiza ao longo de 2019 e en que vilas e cidades están ubicadas?

Cantas solicitudes están actualmente en tramitación e en que cidades e vilas se localizan?

Cantas solicitudes tiveron entrada desde o anuncio da moratoria de apertura de novas casas de apostas e salas de xogo e en que cidades e vilas se localizan?

Considera o goberno galego axeitado o número de casas de apostas, salóns de xogo e máquinas de xogo que están autorizadas en Galiza?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/10/2019 11:00:08

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2019 11:00:14

Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2019 11:00:20

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2019 11:00:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/10/2019 11:00:35

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 11:00:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra.

No ano 2015, logo da denuncia da Unión Europea ao Estado español polo incumprimento da normativa de depuración e da calidade das augas da ría de Pontevedra, a Xunta de Galiza anunciou a contratación dun Plan de Saneamento Local, con un investimento de 1,5 millóns de euros. Este plan foi adxudicado en xullo de 2016 á UTE formada por EPTISA e IDOM enxeñería por máis de 1,2 millóns de euros e un prazo de execución de 3 anos.

A día de hoxe, os concellos e as entidades relacionadas coa ría e co ámbito do plan non teñen coñecemento do documento. Así e todo, nos últimos meses, a Xunta de Galiza fixo públicas diferentes actuacións incluídas neste Plan, como a renovación da depuradora dos Praceres, a ampliación desta instalación ou a construción dun novo emisario submarino.

Así como a obra de mellora do proceso depurativo da EDAR, cun orzamento de 16 millóns de euros, conta co acordo unánime de todos os sectores e institucións, a ampliación da depuradora é obxecto dun rexeitamento maioritario tanto na parroquia de Lourizán como no concello de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta que o Pleno do concello de Pontevedra adoptou o pasado 9 de outubro de 2018 o seguinte acordo unánime:

O Pleno do Concello rexeita a ampliación da actual EDAR dos Praceres e esixe das administracións competentes a exclusión, no Plano de saneamento da Ría de Pontevedra, de calquera proposta que contemple a indicada ampliación.

Malia este rexeitamento, a Xunta de Galiza anunciou a súa intención de seguir adiante co proxecto, do que non se coñece nada máis que unhas infograffias.

Desde o BNG consideramos necesario que se analicen outras alternativas como a mellora da rede separativa, para reducir drasticamente a cantidade de augas da chuvia que entran aos colectores, e a construción de novas depuradoras.

Ademais, consideramos imprescindible controlar os vertidos procedentes do porto de Marín, impedindo que se vertan directamente á rede de saneamento grandes cantidades de materiais procedentes dos procesos de limpeza e tratamento de peixe.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está rematado o Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra, contratado á UTE formada por EPTISA e IDOM en xullo de 2016?

Cando ten previsto a Xunta de Galiza facer público o Plan de Saneamento Local da ría de Pontevedra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contempla a Xunta de Galiza a necesidade de construír novas depuradoras na ría de Pontevedra?

Que medidas considera necesario desenvolver para a mellora da rede separativa nos concellos que verten á depuradora dos Praceres?

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza en relación cos vertidos procedentes do Porto de Marín?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/10/2019 12:21:36

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2019 12:21:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2019 12:21:48

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2019 12:21:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/10/2019 12:22:01

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 12:22:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Polo feito de selo, as persoas temos capacidade xurídica, mais a capacidade de obrar pode estar limitada por algunhas causas, tales como a minoría de idade ou a discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais, é dicir, resolucións de incapacidade xudicial.

O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, de dereitos das persoas con discapacidade, establece como obxecto da lei garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos polas persoas con discapacidade en igualdade de condicións con relación °

En Galicia non é así: as persoas con calquera discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais non teñen dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública. Aínda que a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, fala só de persoas físicas, o certo é que o Decreto 253/2007, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), limita o acceso ás vivendas de promoción pública ás persoas maiores de idade que teñan plena capacidade de obrar. E así o indica o último Informe da Valedoría do Pobo de 2018, que recomendou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o cambio, contestando a consellería que a reforma se faría a través do regulamento de desenvolvemento da lei de 2012. Non obstante, varias resolucións do IGVS do mes de marzo deste ano seguen a ser discriminatorias.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa repostas escrita:

1. É garante o Goberno da Xunta de Galicia do dereito á igualdade de oportunidades e de trato de todas as persoas na nosa Comunidade Autónoma?
2. Discrimina o Goberno da Xunta de Galicia ás persoas con discapacidade suxeitas a medidas xudiciais?



3. Por que en Galicia as persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais non teñen dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública?
4. Por que o Goberno non ten mudado a súa normativa discriminatoria para as persoas antes ditas, tal e como llo recomendou a Valedoría do Pobo xa no ano 2018?
5. Cando vai mudar o Goberno esta práctica discriminatoria?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 17:06:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 17:06:35

María Luisa Pierres López na data 14/10/2019 17:06:45

Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 17:06:57

Julio Torrado Quintela na data 14/10/2019 17:07:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**.

Levamos moito tempo denunciado os danos sistemáticos que sofre a arte rupestre galega e o conxunto do noso patrimonio cultural por mor do desleixo tremendo da Xunta de Galicia.

En agosto do ano pasado, a actividade descontrolada de maquinaria pesada causou importantes prexuízos a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. A mesma traxedia volveu repetirse meses máis tarde, en febreiro deste ano, danando nove mámoas entre o Alto do Restelo e Louxas.

Algo semellante aconteceu recentemente, co agravante da participación do propio Goberno galego. A Xunta de Galicia causou estragos nun petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. O Goberno danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida institucionalmente, para desfacerse do mato.

Pouco despois, no mes de maio, lamentamos novos danos ao patrimonio. Os petróglifos do Castriño de Conxo, en Santiago de Compostela, foron rascados cun obxecto punzante, causando graves alteracións en catro figuras do panel inferior da lousa, tres puñais e un escutiforme.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A historia repetiuse unha vez máis nas localidades de Pol e Meira. Catro das nove mámoas pertencentes á necrópole de Acevreira, de 5.000 anos de antigüidade, foron enteiramente destruídas pola actividade de maquinaria pesada; outras dúas resultaron gravemente danadas. De nada serviu que as construcións megalíticas estivesen catalogadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Así as cousas, cómpre, porén, tomar medidas de inmediato para que a desfeita cese o antes posible.

O pasado 7 de decembro descubriuse unha colección de novos petróglifos nos montes de Taboexa, no municipio de As Neves, no mesmo val do río Miño. Segundo o Instituto de Estudos Miñoráns, trátase do maior descubrimento de arte rupestre das últimas décadas en Galicia, tanto pola tipoloxía dos gravados como pola súa cantidade e variedade. Na pedra están representados “uns vinte zoomorfos orientados en direccións diverxentes” xunto con inscricións abstractas. “Na parte alta presidindo, un home ben sexuado, a súa esquerda un cánido e debaixo un équidos ferido por arma longa” que foron inmortalizados usando tres técnicas distintas: esquemática, baleirado do corpo e dobre trazo.

A representación dos équidos nesta peza vén confirmar un novo paradigma da arte rupestre galega e portuguesa “entre o fondo da ría de Vigo e o río Lima o animal case exclusivo, multirepresentado, non é o cervo, son os équidos”.

A Consellería de Cultura manifestouse acerca deste descubrimento dicindo que aínda non estaba catalogado, pero que a priori lle parecía importante. Aínda así, tendo en conta os antecedentes mencionados, moito nos tememos que a Xunta de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Galicia non saiba valorar e non protexa como corresponde o achado.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para protexer os petróglifos de As Neves?
- Como pensa garantir que non sexan obxecto dunha desfeita?
- Que vai facer para difundir e reivindicar o seu valor?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 17:14:23

Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 17:14:34



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 1869, Julio Verne publicaba “20.000 leguas de viaxe submariña”. Nunha das pasaxes da novela, o Capitán Nemo explicaba a visita do “Nautilus” aos fondos da ría de Vigo para rescatar cofres cheos de ouro e prata. Ao carón da Illa de San Simón (en Redondela) hai unha escultura de Nemo e dun buzo que só se albisca cando a marea baixa.

A illa foi na Idade Media antigo centro monástico cantado por Mendinho, habitada polos templarios a partires do século XII e logo polos franciscanos, cedida no século XV á raíña Isabel a Católica pola diocese de Tui e ata saqueada no século XVI por piratas ingleses. Soportou todas as pandemias de cólera e lepra que viñan cos mariñeiros dos máis de 2400 barcos que chegaron á ría e, en 1927, pechou a súa leprosería, construíndo entón a ponte á illa de San Antón. Entre 1936 e 1943, os edificios da illa foron empregados como campo de concentración para os máis de 2500 presos contrarios ao franquismo e á ditadura. As condicións de vida eran inhumanas e os fusilamentos contáronse por centos.

No ano 1999, o conxunto das Illas de San Simón e San Antón foi declarado BIC, comezando anos despois a reconstrución ata que no ano 2006, a Xunta de Galicia o declarou símbolo da represión. Na actualidade, a Xunta de Galicia defínea como “A Illa do Pensamento”, tendo como fin convertela nun faro de actividade cultural con capacidade para atraer a pensadores e institucións de relevancia internacional e difundir a cultura de Galicia. Mais a realidade é que o estado dos monumentos e a actividade cultural son ben lamentables -só serve como “patio de recreo” para excursións-. Alí están a Casa da Cultura e dos Deportes do Mar, a leprosería, unha capela, a Residencia “Stella Maris”, un auditorio multiusos, dous miradores, un centro de interpretación e documentación, un cemiterio, un osario, a ponte que une as illas, un embarcadoiro, xardíns, un paseo de acacias e outro de buxos ou viveiros de plantas. Todo estivo en funcionamento no seu día cun gran investimento, hoxe esmorece de forma absurda e inxustificada.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode afirmar o Goberno galego que o conxunto das Illas de San Simón e San Antón, no Concello de Redondela, constitúe un faro da actividade cultural en Galicia?
2. Que actividade cultural se desenvolve nas illas?
3. Cal é o estado actual das illas e dos seus monumentos?
4. Ten intención o Goberno de dinamizar a actividade cultural do conxunto das Illas de San Simón e San Antón? Como? Cando?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 17:49:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/10/2019 18:04:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 18:05:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**.

Amnistía Internacional presentou un informe sobre o acoso escolar en España, moi centrado nos casos de Galicia e Estremadura, no que denuncia que hai milleiros de rapaces e rapazas vítimas desta violencia que aínda permanecen ocultos, tanto porque “as medidas para atallar o acoso non están funcionando” como porque a Administración comete erros sistemáticos na recollida de datos.

A investigación centrouse nos casos de Galicia e Estremadura porque a Amnistía Internacional pareceulle significativo que foran as dúas comunidades autónomas con menos chamadas aos servizos de atención telefónica do Ministerio de Educación. O reducido número de chamadas non implica que en nestas comunidades se produza menos acoso escolar, senón que está máis agochado, como revelan as testemuñas das familias e dos docentes recollidas no documento da ONG.

Para elaborar o informe, Amnistía Internacional reuniuse con docentes, directores de centros, orientadores/as, psicólogas/os, anpas, organizacións de voluntariado, sindicatos, inspectores/as educativos, membros da oficina do Valedor do Pobo e, por suposto, con adolescentes. Tamén se reuniu co Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa do Ministerio e co responsable da inspección educativa de Estremadura. Malia todo, a organización non puido reunirse con ningunha autoridade educativa da Xunta de Galicia, porque,



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

segundo o Goberno, non se puido adecuar a súa axenda.

Tralas conversas (e tralo elocuente silencio do executivo galego) Amnistía Internacional concluíu que as autoridades “non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer aos nenos e nenas, previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as denuncias e queixas”.

É por iso que a ONG solicita:

- Un sistema de denuncias rápido, eficaz e á medida dos nenos, nenas e adolescentes, para que se sintan escoitados/as, seguros/as e protexidos/as.
- Formación do profesorado para que saiba detectar e intervir nos casos de acoso escolar nas aulas.
- Axuda entre iguais para que se aprenda a detectar e intervir nos casos de acoso escolar nas aulas.
- Formar aos pais e nais para axudarlles a recoñecer na casa cando os seus fillos/as sofren acoso e que saiban como actuar.
- Recoller da maneira máis axeitada datos para coñecer a realidade do acoso escolar en España.

A Xunta de Galicia faría ben tomando nota do extenso traballo de Amnistía Internacional; traballo no que non quixo participar para ocultar as súas eivas en materia de loita contra o acoso escolar.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Como é posible que ningunha autoridade educativa da Xunta de Galicia se puidese reunir con Amnistía Internacional para colaborar co seu traballo sobre o acoso escolar?
- Que avaliación fai o Goberno do informe realizado pola ONG?
- Comparte o seu diagnóstico?
- Pensa que as Administracións e, nomeadamente, a Xunta, “non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer aos nenos e nenas, previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as denuncias e queixas”?
- O Goberno vai a asumir as demandas de Amnistía Internacional expostas no informe?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 18:02:37

Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 18:02:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porrirt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego presentar un proxecto de lei que regule a participación no financiamento dos concellos galegos?



2ª) Vai o Goberno galego Incrementar as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2020?

3ª) Vai o Goberno galego establecer neste exercicio 2020 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, cos obxectivos consensuados coa Fegamp, garantindo a igualdade de acceso para todas elas con convocatorias públicas ás que concorreran todos os concellos en igualdade de condicións?

4ª) Vai o Goberno galego establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios obxectivos e se traslade unha parte da súa execución ás entidades locais, de xeito que poidan recibir como transferencias de capital unha porcentaxe significativa das recadacións que se levan en cada concello?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2019 18:29:55

María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/10/2019 18:30:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 18:30:25

Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 18:30:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**.

Dende que o Partido Popular rexenta o Goberno da Xunta de Galicia, o final do curso político é sempre tempada de recortes educativos. Este ano non vai ser una excepción. Fai pouco advertimos do que está a acontecer co Colexio Rural Agrupado de Narón, que, malia cumprir estritamente os requisitos esixidos pola Consellería de Educación para a súa reapertura, semella que o próximo curso vai ser pechado definitivamente. Agora, é a Escola de Educación Infantil Verducido, sita no rural pontevedrés, a que está ameazada polo Goberno de Núñez Feijóo.

A escola infantil de Verducido ten moi boa fama na súa contorna polo xeito que ten de conxugar a formación educativa clásica coa posta en valor da natureza e do rural. Para levar a cabo o seu importante labor, contou ata o de agora con tres prazas para o profesorado: dúas para infantil e unha máis para os dous primeiros cursos de primaria, que tamén se imparten no centro.

Non obstante, o martes 25 de xuño o Goberno galego comunicou a súa vontade de suprimir un dos postos docentes por mor da diminución do alumnado. A norma só obriga a abrir unha nova aula cando se superan os 20 alumnos e alumnas e no ciclo de Infantil de Verducido pasouse de 21 matriculados a 18.



Así as cousas, quedarían, se non se reverte o recorte, dúas mestras para 32 nenos e nenas de entre 3 e 8 anos. 18 dos rapaces cursarían infantil; o resto, primeiro e segundo de primaria. Isto contrasta moi negativamente co que acontece no resto do Estado, onde a ratio media para infantil é de 9 alumnos e alumnas por aula.

A situación dificultaría enormemente o traballo das dúas mestras que xa arrastran a dificultade de sumar as súas funcións docentes as tarefas propias da dirección, a secretaría e a xefatura de estudos. A isto hai que engadir que, nos momentos nos que se producira a ausencia puntual dunha delas, a outra tería que facerse cargo en solitario de 32 nenos e nenas.

A pesar disto, o Xefe Territorial da consellería de Educación en Pontevedra, César A. Pérez Ares, limitouse a argumentar que o que acontece é o resultado da caída demográfica. O que parece non entender é que a demografía cae, en gran medida, porque as familias non dispoñen de servizos públicos dabondo que lles permitan conciliar e asentarse no territorio.

Ao recortar unha praza de profesorado na Escola de Educación Infantil Verducido, o Goberno de Núñez Feijóo contribúe, novamente, a baleirar o noso país.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como pensa o Goberno galego que pode afectar á Escola de Educación Infantil Verducido o recorte dunha mestra?
- Cre que pode afectar á calidade da ensinanza?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Vai facer algo a Xunta de Galicia para que a ratio medida de alumnos en infantil se aproxime á do Estado?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 18:48:59

Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 18:49:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta escrita, relativa ao diñeiro que reciben os centros concertados

En marzo de 2017 o Goberno galego aprobou unha nova orde que ampliou os concertos educativos ata o 31 de agosto de 2023. Na mesma orde eliminouse o criterio de preferencia da educación en igualdade para o financiamento dos colexios concertados.

O asunto, que xa denunciámos neste Parlamento en numerosas ocasións, é dunha inmensa gravidade, xa que os centros concertados prexudican á educación igualitaria. Os centros concertados segregan ao alumnado atendendo ás características sociodemográficas das súas familias (ingresos, nivel educativo, orixe...) e, nalgunhas ocasións, mesmo en función do sexo dos rapaces e das rapazas.

Recentemente, o diario dixital Praza solicitou información ao Goberno galego, ao amparo da Lei de Transparencia, para coñecer canto suman as partidas económicas que a Xunta dedicou o curso pasado aos cinco colexios concertados de Galicia que discriminan aos alumnos e alumnas por sexo. Os cinco colexios referidos son: Montespeño e Peñarredonda na Coruña, e Las Acacias, Montecastelo e Aloya en Vigo. A Consellería de Educación respondeu á petición



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

admitindo que non coñecía os datos que se lle solicitaban. Así mesmo, a Consellería apelou a unha excepción da Lei de Transparencia –que indica que as administracións teñen a potestade de non responder as peticións se iso supón reelaborar os datos– para non ter que procurar a información.

Na súa argumentación, a Consellería expuxo que:

“A información económica dos pagamentos realizados aos centros concertados polos conceptos “Pagamento delegado de persoal docente”, “Outros gastos” e “Persoal complementario” realízase mediante documentos contables globais que reflicten o importe total por provincias, e non se detalla individualizadamente o importe de cada centro.

Para poder facilitar a información relativa a un centro para cada un dos documentos de pagamento realizados, cómpre recabar a documentación física que o acompañaba e extraer o importe que, dentro de cada un dos documentos contables, lle corresponde.

Así mesmo, habería que realizar este proceso con todos os pagamentos anuais o que implicaría un proceso de reelaboración extraendo a información de múltiples expedientes e soportes indicados a continuación, xa que a información figura sistematizada dunha forma distinta á que solicita”.

Desta maneira, a Xunta de Galicia admite que non dispón do detalle dos fondos que recibiron os colexios que segregan por sexo.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A resposta da Consellería de Educación é inadmisíbel. Os galegos e as galegas teñen dereito a coñecer, de maneira clara e sinxela, canto diñeiro dedica o seu Goberno aos colexios concertados, cuxa vontade segregadora está máis que demostrada.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Pensa o Goberno galego que a información solicitada non merece a reelaboración dos datos?
- Os galegos e as galegas non merecen saber canto diñeiro reciben os colexios concertados e en concepto de que? Por que?
- Vai facer algo de agora en adiante para dispoñer dos datos actualizados e desagregados ao respecto?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 15/10/2019 10:06:42

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/10/2019 10:06:56





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta escrita, relativa ás bolsas posdoutorais da Xunta de Galicia

Malia que en campaña electoral tódolos partidos políticos se comprometen a incrementar as partidas dedicadas a mellorar as condicións da carreira científica, á hora da verdade os investigadores e investigadoras continúan padecendo unha financiación insuficiente e unhas convocatorias públicas irregulares, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

A precariedade investigadora comeza xa na etapa predoutoral. Os investigadores e as investigadoras que teñen a fortuna de conseguir unha bolsa-contrato para facer a súa tese ingresan pouco máis de 1.000 euros mensuais. Unha vez doutorados, teñen que competir con milleiros de compañeiros e compañeiras para acceder a un dos escasos contratos que ofertan o Ministerio de Ciencia e os gobernos autonómicos.

Como consecuencia do escaso apoio que reciben, milleiros de científicos e científicas vense abocados ao paro, á precariedade ou a emigración. Son moi poucos os que logran, finalmente, incorporarse en prazas estables das universidades públicas españolas, e nin sequera eles gozan da tranquilidade que precisan para desempeñar a súa labor, xa que teñen que continuar pelexando para conseguir financiación.



O implacable sistema de financiamento da carreira política en España fai que tódolos anos investigadores e investigadoras de prestixio abandonen a súa vocación ou decidan levar os seus proxectos ao estranxeiro. Isto é unha traxedia non só para os profesionais altamente cualificados do noso país, senón tamén para o conxunto da cidadanía, que se ve privada dos resultados dos seus logros científicos.

En Galicia a situación non parece que vaia remontar no curto prazo. O pasado 4 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución das axudas conxuntas das consellerías de Educación e Economía á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, en organismos públicos de investigación e noutras entidades do Sistema de I+D+i. As axudas son un 10% inferiores ás do ano pasado, tanto na contía como no número de beneficiarios.

No 2018, dedicáronse 6.390.240 euros á mesma modalidade de axudas posdoutorais, fronte aos 5.729.000 deste ano; e houbo 52 beneficiarios e beneficiarias, 6 máis que en 2019.

Deste xeito, nun momento excepcionalmente delicado para a investigación que se está a desenvolver no noso país, observamos con perplexidade e tristura que o Goberno da Xunta volve insistir no proxecto de desmantelamento da carreira investigadora.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Investir en I+D+i é hoxe menos importante que o ano pasado? Se non é así, que motiva o recorte sinalado?
- Como pensa o Goberno da Xunta que pode prexudicar o novo recorte nas axudas á formación posdoutoral?
- Que vai facer para motivar a consolidación dos proxectos investigadores da nosa comunidade? Cando pensa facelo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.:Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 15/10/2019 10:48:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/10/2019 10:49:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino dado a coñecer en agosto de 2017 presentado pola empresa Cobre san Rafael, S.L. segue, despois de máis de dous anos, en proceso de tramitación administrativa resultado da aquiescencia coa que a administración galega trata a empresa promotora, permitíndolle seguir presentando documentación complementaria cando así esta o considera, aínda que esta nova documentación non sexa máis que unha repetición da presentada no proxecto inicial.

No BOP da Coruña de 21 de xaneiro de 2019 publicouse un documento denominado proxecto de drenaxe do río Portapego (río con unha contaminación por DAM recoñecido no propio documento) que consiste en transvasar durante seis meses as augas deste río -xunto aos do regato Feisa e balsa de Angumil- á balsa de Vieiro trasladando a contaminación destas masas de auga a esta balsa formada por unha antiga corta mineira.

Por outra banda nun dos últimos documentos presentados pola empresa promotora relativo ao desvío de cauces previsto no proxecto, (documento en resposta aos informes de Augas de Galicia que deixan en evidencia as enormes carencias, as



faltas de información e de concreción das medidas correctoras propostas), afirmase que non vai haber interferencia entre as augas destes cauces que se van desviar e as augas das cortas en explotación, poñendo como exemplo que neste momento non hai conexión entre o rego Pucheiras e a balsa de Vieiro.

Así no documento presentado por Cobre San Rafael “Análisis detallado del informe emitido por augas de Galicia en mayo de 2018. Julio 2019”, na súa páxina 70 recóllese literalmente:

Véase el ejemplo del río Pucheiras y el hueco de Vieiro. Dicho río se encuentra apenas a 60 m del hueco y la influencia del lago sobre el mismo es nula, no existe una descarga lateral del río al lago, no es un río perdedor en el que el agua se infiltre por la solera del mismo y descargue hacia el hueco.

En consecuencia, no va a haber influencia de los huecos mineros sobre la descarga del acuífero somero hacia los ríos, a no ser que la propia corta minera se ejecute sobre el propio río.

Esta afirmación é do todo falsa e absolutamente increíble por canto a contaminación que sofre este regato, prodúcese precisamente xusto augas abaixo da balsa de Vieiro cando as augas do Pucheiras reciben as augas que proceden das suxerencias procedentes desta balsa. Contaminación por metais pesados demostrada nos informes de Augas de Galicia sobre control de calidade das augas e verquidos na contorna da mina de Touro.

Unha simple visita sobre o terreo permite ver a evidencia de como esta contaminación procede das drenaxes da balsa de Vieiro e provocan a contaminación do Pucheiras cando alcanzan este regato. Unha vez máis a realidade desmonta toda a literatura vertida nos extensos documentos presentados por Cobre San Rafael.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta para resposta escrita:

-Que opinión lle merece ó goberno galego que se proceda a trasladar auga contaminada sen tratamento previo dos regatos Portapego, Angumil e Felisa á balsa de Vieiro sen que se poida garantir que esta balsa non vai drenar ao DPH?

-Coñece a Xunta os puntos de drenaxe da balsa de Vieiro ao regato Portapego?

-Ten previsto esixir algunha acción á empresa propietaria para tratar estas augas da balsa previo ao seu vertido ao DPH?

-Que opinión lle merece que no proxecto de reapertura se contemple o baleirado desta balsa sen que se concrete polo promotor en ningún dos seus documentos onde, e en que condicións se fará este baleirado?

-Cando se vai emitir a DIA deste proxecto que “fai augas” por todas partes? Vai seguir o goberno galego destinando unha parte dos seus recursos a voltar analizar a mesma documentación presentada pola empresa por terceira vez?

-Que máis evidencias necesita o goberno galego para denegar a autorización ambiental a este proxecto e obrigar ao actual propietario a subsanar definitivamente os problemas de contaminación das augas da contorna da anterior explotación?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2019 13:47:00

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2019 13:47:08

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2019 13:47:16

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2019 13:47:22

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2019 13:47:29

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2019 13:47:37



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O recente informe da Valedoría do Pobo incide, como xa vén sendo habitual, nas eivas e problemas detectados no funcionamento da Consellería de Sanidade e a súa xestión do sistema público de saúde. Esta área de xestión recolle, de maneira clara, o maior volume de queixas cidadáns e esixe a maior dedicación por parte da Valedoría na atención ao cidadán (en torno a un 40 % do global).

Os problemas detectados e sinalados por esta institución encaixan nas cuestións que, de maneira habitual e persistente, veñen sendo apuntados polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia e nas distintas institucións e espazos sociais de debate nos que participa. As cuestións referidas á deficiencia política de Recursos Humanos vén sendo un eixo fundamental que está poñendo en risco algúns dos avances conquistados nos últimos tempos. A modo de exemplo, o propio informe apunta a “de forma reiterada, se veñen rexistrando no Valedor do Pobo queixas denunciando cadros de persoal insuficientes ou escaseza de substitutos” (páxina 308).

A pesares disto, sen dúbida un dos elementos máis chamativos está nas conclusións, onde o informe da Valedoría do Pobo indica que “as disfuncións estruturais non varían. Así, as denuncias en materia de atrasos en listas de espera ou a cobertura de baixas temporais en certas especialidades, son problemas de continua xestión nesta oficina” (páxina 330). Esta cuestión apunta a un hábito na Consellería de Sanidade, que tamén amosan outros informes públicos fiscalizadores, como o do Consello de Contas, que pasa por reiterar ano tras ano as mesmas cuestións e non recibir nunca resposta en forma de modificación ou medidas de corrección por parte do Goberno.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que consideración fai a Xunta de Galicia das valoracións feitas polo informe da Valedoría do Pobo sobre 2018 no respecto do sistema público de saúde de Galicia?



2. Como valora a Xunta de Galicia que Sanidade sexa a área de xestión que conleva un maior número de queixas cidadáns con moita distancia respecto das demais?
3. Cre aceptable a Xunta de Galicia que os distintos informes de institucións fiscalizadoras (Valedora do Pobo ou Consello de Contas) amosen eivas e problemas de gravidade sobre a xestión do sistema sanitario sen que exista modificación das políticas nin decisión por parte de dita consellería?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2019 10:44:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/10/2019 10:45:02

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2019 10:45:15



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A aplicación da Lei de garantías de prestacións sanitarias conleva unha posibilidade de derivación de pacientes da sanidade pública a centros concertados, co obxectivo de cumprir os prazos da maior brevidade posible na intervención e tratamento.

Nestas situacións, en numerosas ocasións os/as usuarios/as do sistema público manifestan as súas queixas sobre a dificultade de renunciar á oferta de ser intervidos nun centro concertado, problema que ten o seu eixo fundamental na ausencia de información sobre o proceso no propio centro público.

A recente comparecencia da valedora do pobo para presentar o seu informe do ano 2018 fíxose eco dunha proposta que ten existido sobre a mellora deste proceso, e que consistiría en ofrecer á persoa usuaria a información completa sobre o seu proceso de intervención e tratamento. Esta información trataría de que o usuario/a puidera coñecer o tempo previsto de espera no sistema público no caso de rexeitar a proposta de ser derivado a un centro concertado. Con esta información permitiríase ser máis eficiente no caso da decisión, permitindo finalmente ao usuario escoller de maneira real sobre as posibilidades que existen.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que tipo de información ten comprometido a Xunta de Galicia ofrecer aos usuarios/as do sistema público de saúde no proceso de decisión sobre o centro hospitalario no que será intervido?
2. Que volume de usuarios/as do sistema público de saúde optou por renunciar á intervención nun centro concertado e mantívose no proceso dentro dun centro público para intervención durante o ano 2018? E no ano 2017?



3. Ten previsto a Xunta de Galicia incorporar ao seu protocolo de actuación a información completa sobre tempo de demora estimado para unha intervención no momento da toma de decisión sobre a derivación a un centro concertado?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2019 13:50:27

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2019 13:50:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A automoción é un sector clave na produción industrial galega, acadando en 2018 uns 8.650 millóns de euros de facturación (aproximadamente o 13,5 % do PIB galego) e 22.300 empregos (que supoñen o 13 % do emprego industrial de Galicia).

En canto ás exportacións, o conxunto do sector de automoción os turismos, compoñentes de automoción e vehículos de transporte supoñen hoxe un de cada catro euros exportados desde Galicia, aínda que na primeira metade deste exercicio ten sufrido un retroceso de preto do 20 %, cuadruplicando as caídas do conxunto do Estado.

Nestes momentos o sector da automoción enfróntase a tres grandes retos: o impacto da dixitalización, a transición cara a unha economía descarbonizada e un modelo económica máis circular, e a globalización e a competencia internacional; polo que o traballo conxunto entre todos os sectores implicados é fundamental para trazar unha folla de ruta que lle permita ao sector enfrontarse a estes retos.

Esta folla de ruta debe estar baseada en cinco eixos, de acordo co Plan estratéxico de apoio integral ao sector da automoción:

1. Constitución dunha mesa de mobilidade sostible e conectada, que reúna ao sector da automoción no seu conxunto.
2. Revisión da fiscalidade asociada ao sector da automoción co obxectivo de definir unha nova fiscalidade “verde” máis encamiñada ao uso, e que favoreza a reorientación do sector e da sociedade no seu conxunto.
3. Impulso dos investimentos no sector da automoción, especialmente os orientados a I+D+i, e a produción de modelos máis sostibles.
4. Apoio para unha maior penetración de vehículos de cero e baixas emisións, a través de medidas de estímulo á demanda, novos plans de achatarramento e implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos.



5. Reforzo da Formación Profesional Dual e da vinculación da empresa coa Universidade.

A promoción de tales cuestións require actuacións no ámbito autonómico, tal que, de xeito coordinado, se garanta a plena colaboración cá industria da automoción galega, co obxectivo de promover un sector competitivo, sustentable e que desenvolva tecnoloxías de propulsión baixas en emisións e vehículos propulsados con enerxías alternativas, en liña co seu compromiso coa mobilidade sustentable, así como o avance cara ao vehículo autónomo e conectado que permita unha condución máis segura e eficiente

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan estratéxico para sector do automóbil en Galicia?

2ª) No seu caso, que medidas máis importantes conterà?

3ª) Que valoración fai sobre a preocupante caída na exportación do sector da automoción no noso país?

4ª) Ten elaborado algún informe o Goberno galego sobre as posibles consecuencias do Brexit en relación co sector da automoción galego, así como das medidas previstas para paliar os seus previsibles efectos negativos?

5ª) Vai establecer algunha liña de axudas destinada á instalación de estacións de repostaxe para vehículos eléctricos e de combustibles alternativos, tal e como veñen realizando outras comunidades autónoma?

6ª) Vai impulsar investimentos especialmente orientados a I+D+i na produción de modelos de vehículos máis sostibles?

7ª) Vai adoitar o Goberno galego o compromiso de renovación da flota de todo o sector autonómico cara a vehículos de cero ou baixas emisións?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2019 13:52:07





Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/10/2019 13:52:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A profesión de educador/a social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da educadora e do educador social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da educadora e do educador social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo cal se establece o título universitario oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando desta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar. través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa



confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector.

Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais. De feito, recentemente coñecíamos que a Xunta de Galicia ultima a convocatoria de case noventa prazas de educador social, e segundo o texto da orde que xa está a ser negociado coas centrais sindicais, un dos puntos que preocupa e xera incerteza especialmente ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), é que a Administración autonómica contempla cubrir estas prazas tamén con persoal doutras titulacións. Este é o punto que máis indigna ao CEESG, que reclama mudanzas á Xunta e xa prepara mobilizacións.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

Os pais e nais de nenos e nenas con NEAE estanse mobilizando contra o maltrato institucional, contra o discurso da fachenda e a mentira, contra as excusas económicas. Están saíndo ás rúas demandando solucións. Así a concentración convocada pola plataforma de familias agrupadas baixo o lema *Dereitos, non parches*, reuniu a quince asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas de colexios da Coruña o día 8 de outubro para esixir solucións que garantan a atención á diversidade nos centros educativos.

O goberno do PP leva anos gabándose dun dato que é que o 90% do alumnado con NEE en Galicia se atopa escolarizado en centros ordinarios,



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

pero ese dato queda completamente baleiro de significado cando desde a propia Consellería se eliminan os medios para que estea atendido como precisa.

Nun manifesto elaborado polo colectivo de anpas dise: *Só con persoal especialista de atención á diversidade non se logra a inclusión, pero sen el temos claro que é imposible acadala*, así comeza o texto, que lle afea á Xunta que *debera ser quen protexa as persoas que polas súas circunstancias teñen máis risco de exclusión e non un inimigo ao que enfrontarse para elas... Porque non pode haber educación de calidade para ninguén nun sistema que ignora, que invisibiliza e nega a diversidade: un sistema no que hai xente que non recibe o que precisa para aprender é un sistema que só pode ensinarlles a todas e todos un mundo pequeno e inxusto*, así conclúe o manifesto.

Cal é a resposta da Consellería? “Tras declaracións contraditorias nas que tanto se negaba esa carencia como se atribuía a mesma a erros e confusións, a Consellaría de Educación convocou prazas para algúns deles, se ben non para todos e só con medias dedicacións en centros onde eliminara profesionais a tempo completo. A Xunta afirma así que as necesidades quedan cubertas”, lamentan as familias, que critican “que non se trata dunha carencia puntual senón dun desprezo continuado pola adecuada atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

Iso está acontecendo en toda Galicia. A preocupación é enorme diante dunha realidade demoledora. As anpas e as Federacións de pais e nais, non poden enfrascarse en temas fiscais e de contabilidade. O goberno actual quere



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

potenciar que xestionen servizos, esa non é a súa función. Si a de defender os dereitos dos seus fillos e fillas, si participar na Comunidade Educativa. Si desenmascarar a quen lles di que estamos mellor que nunca.

O sistema educativo colabora sempre con servizos externos que traballan co alumnado, ben sexa a nivel público ou a nivel privado. Pero unha cousa é a colaboración e outra que eses servizos externos, privados, baixo a forma de gabinetes, fundacións, spin off, asociacións... pretendan pilotar a atención a diversidade, que é o que está no fondo da política desta Consellería. Así o vemos na pretensión de eliminar do catálogo de postos de traballo dos centros de primaria a PT e AL. Teñen tamén a idea de eliminalos dos centros de secundaria? Trátase sempre de precarizar a atención á diversidade para que acabe en mans privadas.

Ademais, as “colaboracións” páganas sempre as familias, por máis que se vista de colaboración. Un exemplo, se ASPANAES vai a un colexio formar aos docentes, porque no hai formación, págano o pais e nais.

Vemos esa mesma tendencia no recentemente presentado Protocolo de Atención ao alumnado de AACC. O primeiro que chama a atención é que non ten autoría. En tal caso, os autores ou autoras son Varios. Semella un Documento que ten a finalidade de protexer determinados intereses, alleos e contrarios aos do sistema educativo público.

Non foi elaborado coa implicación de profesionais e técnicos expertos que van ter que aplicalo. Nin se lles remitiu para facer suxestións. Tan só se



contou con profesionais do equipo específico de A Coruña. Só participaron representantes dos departamentos de orientación de A Coruña.

Consagra un modelo ríxido e pechado, ancorado no clínico, non de servizos nin de intervención de programas. Ademais nin sequera se prevé a súa avaliación. Existen modelos máis ricos, dinámicos e participativos con demostrada eficacia e eficiencia tanto nos procesos de intervención como nos resultados. Tampouco está deseñado para que se faga a detección do alumnado nos centros xa que implicaría que se reduciría o negocio para os gabinetes externos.

Queremos facer constar que a lexislación de atención á diversidade está OBSOLETA. O Comité das Nacións Unidas ínstanos a contemplar a educación inclusiva como un dereito e non como un principio. A solución pode estar aí. En garantir que as persoas con discapacidade non fiquen excluídas da educación primaria gratuíta ou obrigatoria ou da educación secundaria, por discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas:

- Están garantindo unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con NEAE en centros sostidos con fondos públicos?
- Por que queren perpetuar un modelo social clasista e discriminatorio?
- Por que ese logro social inmenso que foi o ensino público, ese lugar nivelador onde nacen e se dá forma ás expectativas de todas as persoas, está sendo esnaquizado e desmantelado por quen nos mal goberna?.
- Cren que os nenos e nenas con discapacidade teñen menos dereito que outros e outras á educación?
- Cren que hai suficiente persoal para atender as necesidades que existen a



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

nivel cualitativo e cuantitativo?

- Están realizando a dotación dos recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa?
- Están adecuando os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal como marca a Convención de Nacións Unidas?
- Están impulsando a formación de todo o profesorado na atención ao alumnado con NEAE?
- Están adoptando outras actuacións para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade?
- Queren encubrir a asociacións, empresas ou familias afíns aos intereses da Consellería no Protocolo de atención ao alumnado con AACC?
- En base a que lexislación categorizan ao alumnado de AACC en precoces, talentosos e superdotados?
- Quen vai financiar as probas que aparecen no Anexo 9.1 do Protocolo?
- Que opinión lle merece o informe do Comité das Nacións Unidas sobre a consideración do noso sistema educativo como discriminatorio?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

Asdo: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do Grupo Común da Esquerda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57775
Data envío: 17/10/2019 16:01:42.637

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 15:58:10

Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 15:58:20

CSV: BOPGDSPGEOU1BAI7A2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, establece no seu artigo 84, apartado 6 sobre a opción de tributación conxunta, que todos os membros da unidade familiar quedarán conxunta e solidariamente sometidos ó imposto, sen prexuízo do dereito a prorratear entre si a débeda tributaria, segundo a parte de renda suxeita que corresponda a cada un deles.

Todas as persoas membros dunha unidade familiar teñen a consideración de codeudor fronte a Facenda Pública, polo que a Administración pode dirixirse contra o patrimonio de calquera dos seus membros para facer efectiva a totalidade da débeda tributaria resultante da declaración en tributación conxunta.

Establecida pois, a responsabilidade solidaria de marido e muller e do resto de membros da unidade familiar nas obrigas tributarias derivadas da declaración conxunta do imposto e coa firme convicción de que a violencia de xénero non require unha única solución, senón un conxunto de solucións, e non só penais, senón tamén civís e, por suposto, de formación, educación e concienciación, o Grupo Socialista entende necesario abordar a situación existente no caso de que a Facenda Pública esixa un suposto de responsabilidade de débeda tributaria por declaración conxunta do IRPF cando un dos membros da unidade familiar que teña exercido esa opción de tributación sexa condenado por violencia de xénero sobre o outro membro da unidade familiar.

A violencia económica é unha realidade que existe e existirá de non corrixirse. É unha das manifestacións de violencias machistas recollidas na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e afecta ás mulleres vítimas e ós e ás menores integrantes da unidade familiar.



Dita violencia ademais de exercerse durante a relación de parella pode seguir manténdose unha vez se produce a separación tal e como se ten exposto con anterioridade. O pago de pensións alimenticias, de cargas hipotecarias ou de débedas producidas polo maltratador durante o período de convivencia, é un instrumento de coacción e ameaza que habitualmente é empregado polo maltratador para seguir exercendo violencia contra a súa exparella.

As leis de protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero normalmente se centran máis na protección e na atención ás vítimas, pero é imprescindible ademais garantir que unha vez se consegue saír da situación de violencia e maltrato, as mulleres poidan restituír o seu proxecto de vida sen ningún tipo de carga, neste caso económica, que proveña do maltratador.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que tipos de medidas ten posto en marcha este Goberno nos últimos catro anos de cara a evitar a violencia económica sobre as vítimas de violencia machista?
- 2.^a) Ten coñecemento de cantas mulleres vítimas de violencia machista en Galicia o son por mor da violencia económica exercida sobre elas?
- 3.^a) Cantas desas mulleres a sofren como causa principal de maltrato?
- 4.^a) Cantas como unha violencia engadida a outra ou outras?
- 5.^a) Entende o Goberno que é preciso apoiar ás mulleres e menores que saen dunha situación de maltrato axudando a romper coas cargas, non só emocionais e físicas, senón tamén coas económicas que proveñan do seu maltratador?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Otero Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 17/10/2019 14:05:55

Patricia Otero Rodríguez na data 17/10/2019 14:06:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2019 14:06:25

María Teresa Porritt Lueiro na data 17/10/2019 14:06:37



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No horizonte de que a actual lexislatura remate dentro dun ano, o próximo ano 2020 será o último no que a actual Administración da Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teña a responsabilidade de dinamizar as actuacións relacionadas coas infraestruturas viarias.

Como é sabido, o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, foi deseñado sobre o que o Goberno do Sr. Núñez Feijóo considerou como liñas básicas: orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns, mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global, acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente e garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

Xa en outubro de 2010 contemplábase polo propio executivo galego unha rebaixa das propostas iniciais, que supuxeron unha minoración de 621 millóns de euros sobre os 4.265 millóns de euros previstos no ano anterior. Despois, pola vía dos feitos, volveron a recortar esas contías, sen que a Xunta de Galicia dese conta de ningún proceso de planificación.



Pero incluso esas previsións, que abarcaban ata o ano 2020, non se cumpriron, pois están pendentes de acometer unha maioría de obras viarias en estradas autonómicas, pese ao tempo transcorrido, e que constitúen infraestruturas básicas para moitos concellos e comarcas de Galicia.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoble para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Circunvalación de Ourense, treito Rairo - Benposta - N-525 cunha lonxitude de 3,5 km, un orzamento de 12.673.757€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2013.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Circunvalación de Ourense, treito Rairo - Benposta - N-525 se refire, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada circunvalación de Ourense, treito Rairo - Benposta - N-525?
- 2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para esta actuación?
- 3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 12.673.757 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación? De ser así, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/10/2019 16:41:36

María Luisa Pierres López na data 17/10/2019 16:41:49





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/10/2019 16:42:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral escrita**.

A planta de gas de Reganosa, que dispón dunha capacidade de almacenaxe de 300.000 m³ de gas natural licuado (GNL), sitúase en Punta Promontorio, no interior da ría de Ferrol, a 100 metros do núcleo urbano máis próximo, a 400 metros dos arsenais de Defensa (a medir dende o fondeo de un gaseiro no caso dunha emerxencia), a 900 metros da vila de Mugaros e a 1.500 metros da cidade de Ferrol. Está ao carón do Complexo Petroquímico de Forestal do Atlántico, que almacena máis de 283.000 metros cúbicos de combustibles (fueloil, gasoil, slops) e substancias químicas (formol, fenol, metanol, sulfato amónico, sosa, etcétera). Isto suma aos perigos propios da planta o risco de efecto dominó previsto no artigo 8 da Directiva 86/82/CE.

A ría conta cun porto exterior que foi construído para evitar a perigosidade intrínseca ao seu canal de acceso. A Reganosa ofrecéuselle a posibilidade de levantar a súa planta nese terreo, pero, atendendo a intereses privados, preferiu asentarse no interior da ría, cos conseguintes riscos para a natureza, o patrimonio e o conxunto da cidadanía.

A contorna de Punta Promontorio é solo rústico especialmente protexido e conta con importantes xacementos arqueolóxicos romanos (Caldoval, Santa Lucía, Noville), ademais do Castro de Mehá. Preto de Punta Promontorio atópanse



tamén os bancos marisqueiros de A Barca, Noville e Sta. Lucía, ricos en ameixas, que levan tempo véndose prexudicados por mor dos recheos da ría, os vertidos químicos de Forestal do Atlántico e o sistema de regasificación de Reganosa. Esta última precisa ata 13.200 m³/h (316.800 toneladas/día) de auga do mar impregnada con hipoclorito sódico que provoca a morte da flora e fauna da zona, incluíndo os bivalvos dos bancos marisqueiros. Os máis de 700 traballadores e traballadores que se dedican ao marisqueo na ría comprobaron como estes anos baixou o volume das capturas e o tamaño das ameixas.

Dende un punto de vista económico, a planta de gas carece de toda xustificación, como demostra a inmensa diferenza que existe entre os datos comprometidos para obter a aprobación da Comisión Nacional da Enerxía e a produción real. O consumo comprometido en dita solicitude era de 3,5 mil millóns de (N) m³. Porén, nos últimos anos a produción total foi de tan só 1,08 mil millóns de (N) m³. O volume de semellante desfase fai imposible pensar que a diferenza entre o consumo comprometido e o actual se debe a un mero erro de cálculo. O acontecido foi unha estafa orquestrada con premeditación. As infraestruturas existentes en Galicia no ano 2007 eran suficientes para cubrir a demanda de gas.

No plano estatal, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) indica na súa última Consulta Pública que existen en España 7 plantas de gas cunha “utilización” media inferior ao 25% e que si se contabiliza a Planta de El Musel en Gijón (en hibernación) este porcentaxe reducece a un 21,4 %. Esta cativa utilización das infraestruturas gasistas ten elevado o déficit de tarifa aos 1.300 millóns de euros.

Ao longo da súa historia, as irregularidades flagrantes da planta de Reganosa



fixeron que o Tribunal Supremo determinase a súa ilegalidade ata en 5 sentenzas.

- Na primeira sentenza, 503/2004, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal a Planta de Gas por carecer de Declaración de Impacto Ambiental (DIA).
- Na segunda sentenza, de maio de 2012, ao recurso de casación 4512/2008, o Tribunal Supremo anulou en sentenza firme a modificación do Plan Xeral de Urbanismo de Mugardos que servía como base á concesión da construción da Planta de Gas.
- Na sentenza 695/2016, de marzo de 2016, o Tribunal Supremo anulou a autorización administrativa previa concedida pola Dirección de Política Enerxética o 2 de xuño de 2002.
- O 25 de abril de 2016 o Tribunal Supremo, coa sentenza 889/2016, anulou o Proxecto de Execución inicialmente outorgada pola Dirección de Política Enerxética e Minas no 2004.

-En Xullo deste ano, o Tribunal Supremo nunha nova sentenza volve lembrar as súas dúas resolucións previas do ano 2016 e mesmo salienta a “litixiosidade” que vén supoñendo a implantación desa instalación en Mugardos.

Tras esta última sentenza, o 20 de agosto do 2019 publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña o anuncio da Dirección da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia (Ministerio de Política Territorial e Función Pública) polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, o proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental da planta.



Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a necesidade de paralización do funcionamento da planta de gas de *Reganosa en Mugar dos*?
2. *Como pensa facer posible o “saneamento integral”* da ría de Ferrol cando existen, polo menos, dúas autorizacións en vigor (Forestal e Reganosa) as que se lle permiten verter un volume de verteduras superior ao de todas as augas residuais urbanas na ría?
3. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para sanear a ría de Ferrol de xeito integral?
4. Que impacto negativo considera que tivo a planta de gas na súa contorna?
5. A que atribúen o descenso do tamaño da ameixas de A Barca, Noville e Sta. Lucía?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 16:57:26

Xan Xosé Jove González na data 17/10/2019 16:57:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), dependente da Consellería de Política Social, ten que atender a máis de 3.000 persoas (coas figuras da tutela, curadoría ou defensa xudicial), pero para iso só conta con 23 traballadoras.

O aumento do número de persoas as que debe atender foi moi importante, xa que nos seus inicios atendía apenas a 70 persoas, pero no ano 2018 xa atendeu a 3.600.

Os orzamentos adicados a FUNGA son totalmente insuficientes, sendo pouco máis de 1 millón de euros para todos os seus gastos. Isto implicou que en varias ocasións, ante a falta de planificación nos orzamentos, a Xunta de Galicia tivera que realizar inxeccións de urxencia para atender os gastos ordinarios. Por exemplo, a finais do ano 2018 tívolve que inxectar 400.000 euros non previstos, xa que quedara sen fondos para gasto corrente.

Así mesmo, nos últimos anos, emitíronse diversas sentenzas xudiciais nas que quedan en **evidencia diversos intentos da Funga por desviar competencias ou responsabilidades propias a outros organismos públicos ou entidades sociais**.



A propia Xunta de Galicia ten admitido que a tendencia é que o número de persoas tuteladas por esta entidade vaia en aumento, pero, sen embargo, non acompaña estas previsións nin cun aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da eficacia da FUNGA?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o persoal e os orzamentos adicados a FUNGA tendo en conta o aumento de persoas que atende?
3. En que criterios se basearon para a elección do actual director xerente da FUNGA?
4. Que medidas vai adoptar para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 17:17:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez, Marcos Cal Ogando, Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O sistema público de pensións é un elemento fundamental no eido da protección social no noso País, xa que supoñen o sustento único ou principal de moitas familias galegas.

Ningún outro sistema de protección dá cobertura a tantas persoas. Algo que vai ir incrementándose segundo pasen os anos polo avellentamento da poboación.

En Galicia as persoas pensionistas supoñen ao redor do 25 % da poboación. Hai que ter en conta que as pensións das galegas e galegos son as segundas máis baixas do conxunto do Estado español, e condenan á pobreza a moitas persoas, que levan anos perdendo poder adquisitivo.

As dúas últimas grandes reformas do sistema da Seguridade Social, a Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións e a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social conteñen aspectos moi lesivos para as persoas pensionistas.

En setembro de 2019, a pensión media en Galicia é de 848 euros ao mes, unha cifra baixa pero tras a cal se agochan realidades aínda máis preocupantes, como por exemplo que a contía media da pensión de viuvez sexa de 601 euros ou que a pensión media do réxime de autónomos sexa de 597 euros mensuais.

Urxe adoptar un compromiso firme pola defensa do noso sistema público de



pensións para o cal precisase mellorar o seu financiamento a través das cotizacións.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno Galego de que as pensións das persoas galegas sexan das máis baixas do conxunto do Estado Español?
2. Que actuacións van levar adiante para revertir a actual situación que condena á pobreza a moitas persoas pensionistas?
3. Van demandar ao Goberno do estado a rectificación das últimas normativas aprobadas que conlevaron á perda progresiva de poder adquisitivo das persoas pensionistas?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luca Chao Pérez

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputados o G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 17:47:38
Nº Rexistro: 57805
Data envío: 17/10/2019 17:47:38.912

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 17:37:29

Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 17:37:40

Marcos Cal Ogando na data 17/10/2019 17:37:51

Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 17:38:01

José Manuel Lago Peñas na data 17/10/2019 17:38:12





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46478**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para modificar e introducir criterios de bioseguridade nas políticas de xestión do xabaril e as súas intencións de elaborar un plan de xestión desa especie, así como a existencia dalgún protocolo de actuación e de coordinación ao respecto cos diferentes axentes implicados”**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións que se están desenvolvendo en canto á prevención de enfermidades como a PPA en Galicia están incardinadas dentro dos programas nacionais de vixilancia sanitaria porcina e en xabarís, que se están desenvolvendo a nivel autonómico seguindo as directrices fixadas a nivel nacional.

O Programa Nacional de vixilancia sanitaria en xabarís ten como obxectivo determinar a situación sanitaria das poboacións de xabaril con respecto aos virus da PPA e PPC, coa finalidade de garantir a ausencia de enfermidades en España segundo as directrices da OIE.

Neste marco, Galicia participou e participa a través do grupo multidisciplinar de representantes das CCAA, en coordinación co MAPA, para a determinación da capacidade para a resposta fronte a infeccións emerxentes compartidas coa fauna silvestre, como a PPA.

O Goberno é perfectamente consciente dos problemas ocasionados polo xabaril nos últimos anos, tanto nos cultivos agrícolas do rural como nas zonas periurbanas, por iso ten posto en marcha un amplo conxunto de medidas para intentar diminuír na medida do posible estas afeccións. Este conxunto de medidas inclúe unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar a xestión e aproveitamento desta especie, os danos producidos na agricultura, os ocasionados por accidentes de tráfico e a mellora da información sobre a especie; medidas que contan cun diferente grao de implementación pero que seguen viventes e co fin último de acadar os obxectivos establecidos no Plan de acción, que non son outros que os de conseguir frear a súa expansión.



A Xunta de Galicia xa lle transmitiu aos sectores implicados a información pormenorizada que se ten trasladado dende o MAPA periodicamente sobre o desenvolvemento da enfermidade e das actuacións que se están levando a cabo a título informativo.

A nivel informativo o MAPA, en colaboración co distintas organizacións enlazadas co sector porcino e cinexético ten publicado diversas infografías relacionadas coa bioseguridade fronte á PPA:

[Bioseguridad durante la caza \(RFEC\)](#)

[Bioseguridad durante la caza \(UNAC\)](#)

[Bioseguridad en la granja \(INTERPORC\)](#)

[Bioseguridad en el transporte \(INTERPORC\)](#)

[Bioseguridad en el transporte \(INTERPORC\)](#)

[Bioseguridad en la granja \(ASICI\)](#)

[Bioseguridad en el matadero \(ASICI\)](#)

[Bioseguridad en el transporte \(ASICI\)](#)

O acceso a esta e outra información específica sobre esta materia está accesible na páxina web da CMATV:

(https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Consewacion?content=Direccion_Xeral_Consewacion_Natureza/Caza/seccion.html&std=Informacion_epidemiolojica.html)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57706
Data envío: 16/10/2019 14:05:31.503

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/10/2019 14:05:27

CSV: BOPGDSPGEOU1BA17A2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56297**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da contaminación do río Umia por cianobacterias e microcistina e as súas previsións referidas ao encargo dun estudo respecto dos potenciais riscos para a saúde humana e para o ecosistema, así como as medidas que vai levar a cabo para combatela**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego véñense traballando en distintas medidas para minimizar a aparición de cianobacterias no encoro do Umia onde, cómpre lembrar, ata o de agora non se ten detectado a presenza de toxina. Os episodios de aparición de cianobacterias nunca xeraron toxinas neste encoro.

Con todo, desde a Xunta véñense realizando un control exhaustivo en relación á calidade da auga, de acordo cun protocolo de actuación no que participan a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e os departamentos autonómicos de Medio Ambiente e de Sanidade.

A Xunta, dentro das súas atribucións, está traballando para tentar conseguir resultados e mellorar as condicións do recurso: tanto no control continuo para a detección da aparición das algas, como na mitigación dos riscos para o abastecemento, na minoración da magnitude dos episodios e na eliminación das causas da achega de nutrientes, das verteduras e da contaminación difusa agrogandeira.

Entre o conxunto de iniciativas para mellorar a calidade das augas do encoro do Umia que se veñen desenvolvendo atópanse, por exemplo: os traballos de conservación e protección do bosque de ribeira na contorna do encoro, para contribuír a consolidar as masas arbóreas da zona, que supoñen un importante ecosistema que aumenta a capacidade de fixar o chan nas beiras, evita a erosión e mellora a calidade das augas polo seu labor de filtro; ou as obras de mellora da depuradora municipal de Paradivas, ao fin de optimizar o tratamento e diminuír a chegada de nutrientes ao encoro.



En canto á propia presa de Caldas de Reis indicar que realiza, por un lado, unha importante función laminadora das avenidas do río Umia, é dicir que permite regular o caudal do río para tratar de evitar posibles asolagamentos ás poboacións situadas augas abaixo, reducíndose, polo tanto, o risco de asolagamento, as molestias e os danos nas zonas augas abaixo da presa. E ademais ten unha clara vertente social, xa que o réxime financeiro da mesma posibilita a achega de recursos aos concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 13:39:41
Nº Rexistro: 57859
Data envío: 18/10/2019 13:39:41.548

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/10/2019 13:39:35

CSV: BOPGDSPGEOU1BA17A2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56405**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible autorización pola Xunta de Galicia da construción dunha represa no río Umia, na parroquia de Cabanelas, no concello de Ribadumia, a existencia de estudo de impacto ambiental e as razóns da demora, así como as súas previsións respecto do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar, en primeiro lugar, que a responsabilidade de garantir a subministración de auga a poboación é dos concellos, xa que é nese ámbito no que reside a competencia. A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), atribúe aos concellos, entre outras, competencias en materia de subministración de auga e regula tamén, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o abastecemento domiciliario de auga potable. Os concellos teñen, polo exposto, as atribucións en materia de subministración de auga e son os competentes para a decisión e adopción das medidas para a xestión deste servizo municipal.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia exerce, en relación coa cuestión que refire a iniciativa, as súas competencias en materia de dominio público hidráulico. Estas competencias son as que lle atribúe a normativa de augas: o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que indican que o uso das augas require de concesión administrativa establecendo que estas concesións de auga se outorgarán segundo as previsións dos plans hidrolóxicos, e regulando o procedemento de outorgamento de concesións.



Neste sentido, no exercicio das súas competencias, Augas de Galicia resolveu, con data 26 de xuño de 2015, unha concesión dun caudal de auga procedente do río Umia, no lugar de Cabanelas, parroquia de Ribadumia (Santa Baia), no concello de Ribadumia (Pontevedra), con destino a abastecemento urbano, hoteleiro e rega da illa da Toxa. Esta concesión dirixiuse a regularizar unha situación de facto e prolongada no tempo, situación que xa se viña producindo e que permitía a prestación do servizo de abastecemento de auga á poboación; xa que a represa á que se refire a iniciativa ten como finalidade impedir a salinización da auga correspondente ao treito do río do lugar de captación en períodos de estiaxe e de mareas vivas, o que faría que a auga non resultase apta para o consumo humano.

A Xunta vén exercendo o seu labor de control e instando, no seu caso, ao concesionario á presentación de propostas ou alternativas para conseguir mellores solucións para o abastecemento co menor impacto posible para o río e o seu ecosistema; realizando inspeccións e abrindo os expedientes oportunos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 13:39:31
Nº Rexistro: 57858
Data envío: 18/10/2019 13:39:31.048

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/10/2019 13:39:09

CSV: BOPGDSPGEOU1BA17A2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

